## 3.2. sector primario e industrias relacionadas

Á HORA DE ANALIZAR ESTE SECTOR económico o capítulo parte da consideración do sector dende un punto de vista xeral, no que se presentan os principais datos da producción, emprego e indicadores empresariais, tendo en conta os datos facilitados pola *Contabilidad Regional de España* e a *Encuesta de Población Activa*, do INE, polo *Anuario de Estatística Agraria*, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e polo Ardán

Posteriormente, o capítulo estructúrase en dúas grandes partes nas que se estudia, dunha banda, o complexo agroalimentario, facendo referencia tanto á súa estructura industrial, como ó subsector agrogandeiro e ó subsector pesqueiro. Doutra, o capítulo céntrase no estudio do subsector silvicultura madeira.

O VEB a prezos básico xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considera-las actividades industriais) en 2003 ascendeu a 2.113,0 millóns de euros segundo os datos da Con-

tabilidad Regional de España do INE (prezos correntes), o que representa o 5,9% do VEB galego (3,3% no conxunto do Estado). Galicia é a terceira comunidade en canto ó peso relativo deste sector económico no conxunto do Estado (9,5% do VEB xerado no sector primario en España), por detrás de Andalucía e Castela e León (27,5% e 10,6%, respectivamente)

No que ó **emprego** se refire, o número de traballadores ocupados nas ramas de actividade englobadas no sector primario e industrias relacionadas –agricultura, gandería, caza e silvicultura; pesca e piscicultura; industrias de productos alimentarios, bebidas e tabaco e industria da madeira e cortiza– descendeu en 2003 ata as 195,2 miles de persoas (2,0 miles de ocupados menos que en 2002). Esta caída prodúcese pola reducción experimentada nas actividades pesqueiras e na industria de madeira e cortiza.

A ocupación nas actividades da agricultura, gandería, caza e silvicultura aumenta ó longo do ano 2003 ata os 109,7 miles de ocupados (0,8 miles de traballadores máis que en 2002), incrementándose o seu peso relativo no total da ocupación nas actividades do sector primario e industrias relacionadas dende o 55,2% ata o 56,2% das persoas ocupadas en 2003.

Ó igual que o acontecido nas actividades agrícolas, gandeiras, a caza e silvicultura, o número de ocupados na industria de productos alimenticios, bebidas e tabaco medra en 2003. Nese ano, o número de traballadores ocupados ascendeu a 40,6 miles de persoas, 2,4 miles de persoas máis que en 2002, sendo o seu peso relativo no conxunto do sector do 20,8% (19,4% en 2002).

As actividades da pesca e piscicultura acollen en Galicia o 13,8% dos traballadores ocupados no conxunto de actividades do sector primario e industrias relacionadas (27,0 miles de persoas). Comparado co ano anterior, o **cadro 2.2.6.** (*Poboación ocupada 2002-03: distribución segundo ramas de actividade*) amosa unha caída de 2,2 miles de ocupados (7,5%), sendo o seu peso relativo no conxunto de actividades consideradas no sector do 14,8%.

Ó igual que no subsector pesqueiro, a ocupación estimada nas industrias da madeira e cortiza descende en 2003, pasando das 20,9 miles de persoas ocupadas ós 17,9 miles de traballadores (14,4% menos que no ano 2002). A importancia relativa destas actividades no sector primario e industrias relacionadas foi do 9,2% en 2003 (10,6% no ano anterior).

As macromagnitudes agrarias, que reflicten o movemento económico xerado ó redor do sector agrario nun exercicio, indican que a renda agraria en 2001 (ultimo dato dispoñible) acadou os 1.092,2 millóns de euros. O **cadro C.3.11.** (*Macromagnitudes agrarias 2001: renda agraria*) amosa que na provincia de Pontevedra xeráronse 321,3 millóns de euros (o 29,4% da renda agraria galega) e 310,4 millóns de euros en A Coruña (28,4%).

No que atinxe á **distribución xeral da terra**, o **cadro C.3.10.** (*Distribución xeral da terra en Galicia e España 2002*) reflicte que un 60,0% da superficie total galega (2.947,7 hectáreas) corresponde á superficie forestal (32,6% no conxunto do Estado), en tanto que a superficie cultivada e a dedicada a prados e pasteiros acollen o 13,6% e 15,8%, respectivamente (35,4% e 14,4% en España).

O devandito cadro amosa que a superficie agraria útil (SAU) representa o 29,4% da superficie xeográfica galega, vinte puntos porcentuais inferior á que representa no conxunto do Estado, e a superficie fertilizable o 23,3% da superficie total (32,3% en España).

3.2.1. **Evolución da actividade no sector primario 2001-02: ingresos, custos e resultados**

| | 2001 | | | 2002 | | 02/01 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de €) | | (%) | (en millóns de €) | (%) | (%) |
| **Ingresos de explotación** | 12.188,07 | | 100 | 12.812,39 | 100 | 5,1 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 10.522,16 | | 86,33 | 11.063,55 | 86,35 | 5,1 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 1.665,91 | | 13,67 | 1.748,84 | 13,65 | 5,0 |
| **Gastos de persoal** | 1.032,92 | | 8,47 | 1.094,34 | 8,54 | 5,9 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 632,99 | | 5,19 | 654,51 | 5,11 | 3,4 |
| **Amortizacións** | 276,40 | | 2,27 | 305,53 | 2,38 | 10,5 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 356,59 | | 2,93 | 348,97 | 2,72 | -2,1 |
| **Resultado financeiro** | - 64,24 | | -0,53 | - 92,93 | -0,73 | -44,7 |
| Ingresos financeiros | 116,26 | | 0,95 | 100,64 | 0,79 | -13,4 |
| Gastos financeiros | 180,50 | | 1,48 | 193,58 | 1,51 | 7,2 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 292,35 | | 2,40 | 256,04 | 2,00 | -12,4 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 37,98 | | 0,31 | 141,53 | 1,10 | 272,6 |
| **Resultado antes de impostos** | 330,33 | | 2,71 | 397,57 | 3,10 | 20,4 |
| **Impostos** | 106,31 | | 0,87 | 127,14 | 0,99 | 19,6 |
| **Resultado neto do exercicio** | 224,02 | | 1,84 | 270,44 | 2,11 | 20,7 |
| **Cash-flow** | 484,30 | | 3,97 | 552,58 | 4,31 | 14,1 |

Fonte: *Ardán*

A provincia de Ourense é a que presenta o maior peso relativo da superficie forestal, co 65,2% da súa superficie total, estando en torno ó 60% nas provincias de Pontevedra e Lugo, e no 56,0% en A Coruña. No caso da SAU e da superficie fertilizable, Lugo é a que presenta as maiores porcentaxes da súa superficie, co 33,2% e 27,4%, respectivamente, seguida de A Coruña, co 39,9% e 26,8%.

En relación ós **indicadores empresariais**, das 2.956 empresas pertencentes ó grupo de actividades relacionados co sector primario segundo a metodoloxía empregada por Ardán, os **cadros C.3.4.** (*Sectores productivos 2002*) e **3.2.1.** amosan que estas empresas presentaron un emprego medio de 21 traballadores por empresa, e xeraron un VEB a custo de factores de 1.748,8 millóns de euros (o 17,5% do total xerado polo conxunto de empresas analizadas) e uns ingresos de explotación de 12.812,4 millóns de euros (o 25,8% dos ingresos totais).

O devandito **cadro C.3.4.** amosa que son as actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro as que engloban un maior número de empresas (1.302 empresas) xerando o 47,4% do total de ingresos de explotación do sector primario e industrias relacionadas e o 38,2% do valor engadido bruto a custo de factores do sector. As 795 empresas pertencentes ó subsector mar-industria, xeran o 34,7% do valor engadido bruto.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro C.3.17.** (*Sector primario 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*), é Vigo, cun total de 249,6 millóns de euros, un 5,6% máis que no ano anterior, seguido de A Coruña, cun valor engadido bruto xerado de 225,6 millóns de euros, un 8,5% superior ó do ano anterior.

Respecto á **evolución da actividade: ingresos, custos e resultados**, o **cadro 3.2.1.** reflicte que no ano 2002 as empresas do sector primario consideradas no seu conxunto presentaron unha caída do 12,4% do seu resultado de actividades ordinarias, acadando os 256,0 millóns de euros en 2002. Pola contra, tralo do forte incremento do resultado de actividades extraordinarias (272,6% respecto ós datos do ano 2001), o resultado neto do exercicio medra un 20,7% para situarse nos 270,4 millóns de euros.

3.2.2.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector primario 2001-02**

| | 2001 | | 2002 | | 02/01 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en millóns de €) | (%) | (en millóns de €) | (%) | (%) |
| **Activo total** | 7.504,62 | 100 | 8.092,63 | 100 | 7,8 |
| **Activo fixo (neto)** | 3.242,00 | 43,20 | 3.535,26 | 43,68 | 9,0 |
| Gastos amortizables | 40,30 | 0,54 | 46,12 | 0,57 | 14,4 |
| Inmobilizado inmaterial | 228,99 | 3,05 | 238,16 | 2,94 | 4,0 |
| Inmobilizado material | 2.005,25 | 26,72 | 2.186,49 | 27,02 | 9,0 |
| Outro inmobilizado | 965,39 | 12,86 | 1.060,25 | 13,10 | 9,8 |
| Outro activo fixo | 2,07 | 0,03 | 4,23 | 0,05 | 104,2 |
| **Circulante neto** | 4.262,62 | 56,80 | 4.557,37 | 56,32 | 6,9 |
| Existencias | 1.389,33 | 18,51 | 1.405,17 | 17,36 | 1,1 |
| Debedores | 2.295,81 | 30,59 | 2.515,87 | 31,09 | 9,6 |
| Tesourería | 283,53 | 3,78 | 302,99 | 3,74 | 6,9 |
| Outro activo circulante | 293,95 | 3,92 | 333,34 | 4,12 | 13,4 |
| **Fontes de financiamento** | 7.504,62 | 100,00 | 8.092,63 | 100,00 | 7,8 |
| **Financiamento permanente** | 3.726,25 | 49,65 | 4.103,30 | 50,70 | 10,1 |
| Fondos propios | 2.452,97 | 32,69 | 2.726,90 | 33,70 | 11,2 |
| Recursos alleos l/p | 975,27 | 13,00 | 1.054,44 | 13,03 | 8,1 |
| Ingresos distribuidos en varios exercicios | 298,02 | 3,97 | 321,95 | 3,98 | 8,0 |
| **Acreedores a curto plazo** | 3.778,37 | 50,35 | 3.989,34 | 49,30 | 5,6 |
| **Fondo de rotación** | 484,25 | 6,45 | 568,03 | 7,02 | 17,3 |

Fonte: *Ardán*

O crecemento do VEB a custo de factores no ano 2002 foi do 5,0%, unha décima menos do que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB mantense no 13,7%.

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.2.2.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 12,5% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 568,0 millóns de euros, un 17,3% superior ó existente o ano anterior. O 87,5% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 11,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 33,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 8,1%, cun peso relativo do 13,0% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 8.092,6 millóns de euros, un 7,8% superior ó valor de 2001, dos que 3.535,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,0% superior en relación ó ano anterior). Os 4.557,4 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 6,9% en relación ó ano 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro se refire**, o **cadro C.3.16.** (*Sector primario 2001-02: estudio económico e financeiro*) reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento, respecto ós ingresos, do VEB e dos gastos de persoal, e o mantemento do indicador carga financeira/ingresos de explotación. Os distintos ratios considerados presenta valores inferiores ós rexistrados polo conxunto das empresas galegas analizadas.

O devandito **cadro C.3.16.** amosa que a rendibilidade económica permanece practicamente constante, pasando dos 5,07% en 2001 e ós 5,10% no ano 2002, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos descende do 11,8% acadado en 2001 ós 11,4% de 2002.

## Complexo agroalimentario

Este primeiro apartado da análise do sector primario e industrias relacionadas está estructurado en tres grandes bloques nos que se analiza a estructura industrial do complexo agroalimentario, o subsector agrogandeiro e o subsector pesqueiro.

Para a realización do mesmo, teranse en conta os datos recollidos na *Estructura industrial. Complexo agroalimentario*, do IGE, nos presupostos da Xunta, no *Anuario de Estatística Agraria 2002*, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e polo Ardán.

**• *Estructura industrial***

Como reflicte o **cadro 3.2.3.**, o complexo agroalimentario engloba ás actividades de producción agrícola, gandeira e de pesca e marisqueo, ademais das propias da industria agroalimentaria como a industria de carne e productos cárnicos, a industria do peixe preparado e en conserva, a industria láctea, a industria de alimentos preparados para animais, a industria de bebidas, ou a de graxas e aceites.

A producción xerada polas actividades agroalimentarias en 2001 acadou un valor de 7.363,8 millóns de euros, dos que o 61,5% (4.529,1 millóns de euros) corresponde á industria agroalimentaria, un 16,2% (1.193,5 millóns de euros) ós productos da pesca e marisqueiro, e un 16,7% (1.227,2 millóns de euros) e 5,6% (414,0 millóns de euros) ós productos gandeiros e agrícolas, respectivamente. Asemade, o valor das importacións destas ramas de actividade ascendeu a 3.222,4 miles de euros, dos que 1.436,8 millóns corresponden ás procedentes do resto de España.

Dende o punto de vista da demanda, o devandito **cadro 3.2.3.** reflicte que o 38,9% do valor total da oferta de productos agrogandeiros a prezos de adquisición en 2001 diríxese ás exportacións, que acadan un total de 4.901,6 millóns de euros (o 69,2% diríxese ó resto das comunidades autónomas), sendo de 4.106,9 millóns de euros o consumo intermedio, e de 3.539,8 millóns de euros o valor da producción destinada ó consumo final.

Atendendo á distribución segundo as distintas ramas de actividade, o devandito cadro amosa a importancia do complexo mar-industria, onde o valor total da producción dos productos da pesca e marisqueo e da industria conserveira, considerados no seu conxunto, ascende a 2.596,3 millóns de euros, o que representa o 35,3% do valor da producción do complexo agrogandeiro.

O 66,4% da producción total do subsector mar-industria é exportada, o que supón un valor de 3.099,9 millóns de euros (o 63,2% das exportacións do complexo agroalimentario), dos que 2.029,7 millóns de euros destínanse ó mercado do resto de España. No caso das importacións, estas ascenderon a 1.511,2 millóns de euros (o 46,9% das importacións totais do complexo agroalimentario), das que 1.399,6 corresponden a importacións procedentes da UE e do resto do mundo (o 78,4% das importacións totais deste subsector).

O valor total dos productos gandeiros (gando, industria de carne e productos cárnicas e industria do leite e productos lácteos) ascende a 2.859,6 millóns de euros, o que representa o 38,8% da producción agrogandeira total. O valor das exportacións ascendeu a 1.276,4 millóns de euros (o 32,2% da producción total), o que representa o 20,6% das exportacións galegas do complexo agroalimentario, das que 1.016,7 millóns de euros destínanse ó resto das comunidades autónomas. As

3.2.3.

**Complexo agroalimentario galego 2001: Estructura industrial**

*(en millóns de €)*

| | Complexo agroalimentario | Productos agrícolas | Productos gandeiros | Productos da pesca e marisqueo | Carne e productos cárnicos | Pescado preparado e en conserva | Leite e productos lácteos | Alimentos preparados para animais | Bebidas | Graxas e aceites | Outros productos alimentarios |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Oferta total a prezos adquisición** | 12.593,1 | 1.096,9 | 1.358,4 | 1.876,3 | 1.365,1 | 2.791,0 | 1.237,3 | 696,5 | 661,7 | 419,4 | 1.090,7 |
| **Producción** | 7.363,8 | 414,0 | 1.227,2 | 1.193,5 | 692,4 | 1.402,9 | 940,0 | 532,3 | 398,9 | 114,4 | 448,1 |
| **Importacións UE e Resto Mundo** | 1.785,6 | 201,1 | 10,4 | 369,4 | 13,7 | 1.030,2 | 25,8 | 35,6 | 3,6 | 58,4 | 37,3 |
| **Importacións resto de España** | 1.436,8 | 217,8 | 39,3 | 27,9 | 219,1 | 83,6 | 161,4 | 29,3 | 122,6 | 156,4 | 379,2 |
| **Oferta prezos pásicos** | 10.586,1 | 832,9 | 1.277,0 | 1.590,8 | 925,3 | 2.516,7 | 1.127,2 | 597,3 | 525,2 | 329,2 | 864,6 |
| **Custos distribución e Impostos netos sobre productos** | 2.007,0 | 264,0 | 81,4 | 285,5 | 439,8 | 274,2 | 110,1 | 99,2 | 136,5 | 90,2 | 226,1 |
| **Demanda total a prezos adquisición** | 12.594,1 | 1.096,9 | 1.358,4 | 1.876,3 | 1.365,1 | 2.791,0 | 1.237,2 | 696,5 | 661,7 | 419,4 | 1.091,7 |
| **Consumo final** | 3.539,8 | 530,9 | 61,7 | 388,1 | 887,4 | 176,6 | 414,6 | 25,6 | 185,4 | 129,8 | 739,5 |
| **Consumo intermedio** | 4.106,9 | 435,2 | 1.003,8 | 576,4 | 182,8 | 403,8 | 130,3 | 578,7 | 314,9 | 201,6 | 279,5 |
| **Exportación UE e Resto do Mundo** | 1.508,0 | 30,2 | 36,8 | 224,7 | 120,4 | 845,4 | 102,5 | 12,9 | 70,3 | 24,2 | 40,5 |
| **Exportación resto España** | 3.393,6 | 100,6 | 259,7 | 687,0 | 172,7 | 1.342,7 | 584,4 | 79,2 | 71,2 | 63,7 | 32,3 |
| **Variación existencias** | 45,8 | - | -3,7 | - | 1,8 | 22,4 | 5,4 | 0,0 | 19,9 | - | - |

Fonte: *IGE, Estructura industrial. Complexo agroalimentario.*

**3.2.4.**

**Presupostos da Consellería de Agricultura 2002-03: distribución económica**

| | Consellería | | | FOGGA) (1) | | | Total | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2002 | 2003 | 03/02 | 2002 | 2003 | 03/02 | 2002 | 2003 | 03/02 |
| | (en miles de €) | | (%) | (en miles de €) | | (%) | (en miles de €) | | (%) |
| Operacións correntes | 56.531,8 | 58.271,7 | 3,1 | 4.746,9 | 4.699,8 | -1,0 | 61.279 | 62.971,5 | 2,8 |
| Operacións de capital | 237.445,9 | 257.989,9 | 8,7 | 29.058,9 | 29.058,9 | 0,0 | 266.505 | 287.048,8 | 7,7 |
| Total bruto | 293.977,7 | 316.261,6 | 7,6 | 33.805,8 | 33.758,7 | -0,1 | 327.784 | 350.020,3 | 6,8 |
| Transferencias internas | 33.631,5 | 33.584,4 | -0,1 | - | - | | 33.632 | 33.584,4 | -0,1 |
| **Total consolidado** | 260.346,2 | 282.677,1 | 8,6 | 33.805,8 | 33.758,7 | -0,1 | 294.152 | 316.435,8 | 7,6 |

(1)Fondo Galego de Garantía Agraria
Fonte: *Xunta, Presupostos xerais da C.A.*

**3.2.5.**

***Presupostos consolidados da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural 2002-03: distribución dos créditos por programas***

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | (en miles de €) | | (%) |
| Capacitación extensión agraria | 9.109,0 | 9.054,4 | -0,6 |
| Formación Profesional F.S.E. | 2.976,9 | 3.058,9 | 2,8 |
| Infraestructuras, reforma e desenvolvemento agr. | 5.106,0 | 5.229,2 | 2,4 |
| Desenvolvemento rural | 63.207,8 | 61.246,1 | -3,1 |
| Dirección e Servicios Xerais de Agricultura | 15.454,2 | 21.052,8 | -100,0 |
| Promoc. cooperativa e social e Div. de Tec. Agr. | 3.035,6 | 2.711,0 | -10,7 |
| Sanidade vexetal e animal | 33.350,1 | 43.526,6 | 30,5 |
| Ord., reestr., fomento e mellora da prod. agraria | 108.080,2 | 132.107,5 | 22,2 |
| Regulación de produccións e mercados agrarios | 7.646,7 | 6.108,2 | -20,1 |
| Ordenación e creación de industrias agroaliment. | - | - | - |
| Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico | 4.211,9 | 3.414,9 | -100,0 |
| Elaboración e difusión estatística | 69,1 | 69,1 | -100,0 |
| Fomento de cultivos alternativos | - | - | 0,0 |
| Fomento do sector gandeiro | 12.783,5 | | -100,0 |
| Fomento das industrias agroalimentarias | 25.316,1 | 24.952,7 | -1,4 |
| Fomento da comercialización agroindustrial | 3.805,1 | 3.904,5 | 2,6 |
| **Total** | 294.152,2 | 316.435,9 | 7,6 |

Fonte: *Xunta , Presupostos xerais da C.A.*

importacións acadaron os 469,9 millóns de euros (o 14,6% das importación dos productos agroalimentarios), correspondendo 419,9 millóns de euros ás importacións do resto de España.

***• Subsector agrogandeiro***

Como punto de partida do estudio deste subsector, cómpre salientar que a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e mailo Fondo de Garantía Agraria (FOGGA) son os encargados de levar a cabo as políticas relacionadas con este ámbito. O **cadro 3.2.4.** amosa que o presuposto total consolidado da Consellería ascendeu a 316.435,8 miles de euros no ano 2003, un 7,6% superior ó de 2002, das que 282.677,1 miles de euros (o 89,3%) corresponde ó presuposto da consellería e os 33.758,7 miles de euros restantes (o 10,7%), ó seu organismo autónomo.

O **cadro 3.2.5.** amosa que os principais programas son os correspondentes á "Ordenación, reestructuración, fomento e mellora da producción agraria" e o de "Desenvolvemento Rural". Ó primeiro dedícanse un total de 132.107,5 miles de euros, tendo por obxecto a realización de accións que inciden no incremento da rendibilidade das explotacións, así como na compensación da perda da renda, ben polo emprazamento da explotación ou pola aplicación de medidas agroambientais, ademais de incentiva-lo rexuvenecemento dos agricultores, favorecendo o relevo xeracional do sector.

Co segundo, con 61.246,1 miles de euros, preténdese a reorganización das

3.2.6.

**Macromagnitudes agrarias 2001: consumos intermedios**

| | 2001 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| | | | (en miles de €) | | |
| **Sementes selectas e pés** | 4.976,9 | 7.081,9 | 1.028,6 | 6.455,3 | 19.542,7 |
| **Pensos para o gando** | 161.145,6 | 117.705,6 | 33.370,0 | 65.341,3 | 377.562,4 |
| **Fertilizantes** | 12.688,5 | 5.583,9 | 2.780,0 | 9.699,9 | 30.752,4 |
| **Emendas** | 672,0 | 848,0 | 244,0 | 448,0 | 2.212,0 |
| **Enerxía** | 37.086,1 | 36.042,9 | 11.842,2 | 14.386,1 | 99.357,4 |
| **Lubricantes** | 3.250,0 | 1.331,4 | 1.020,0 | 1.280,0 | 6.881,4 |
| **Pneumáticos** | 7.220,0 | 7.170,0 | 2.880,0 | 3.710,0 | 20.980,0 |
| **Productos fitosanitarios** | 4.042,5 | 20,3 | 23,5 | 1.801,0 | 5.887,3 |
| **Tratamentos zoosanitarios** | 14.448,1 | 18.173,1 | 7.898,7 | 4.951,1 | 45.471,0 |
| **Reparación de maquinaria** | 18.951,6 | 23.471,5 | 6.648,6 | 8.942,2 | 58.013,8 |
| **Reparación de construccións** | 7.971,3 | 7.110,3 | 10.336,3 | 6.108,9 | 31.526,8 |
| **Outros gastos** | 7.550,3 | 4.920,0 | 869,5 | 3.942,1 | 17.281,9 |
| **Total** | 280.002,9 | 229.458,9 | 78.941,3 | 127.065,8 | 715.468,9 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria*

estructuras agrarias, coa finalidade de lograr explotacións viables, e ampara-las accións destinadas ó desenvolvemento do potencial endóxeno das áreas rurais.

Como reflicte o **cadro C.3.11.** (*Macromagnitudes agrarias 2001: renda agraria*), o valor da producción das ramas agrarias ascendeu a 1.998,2 millóns de euros, dos que o 63,6% corresponde o subsector gandeiro, fronte ó 32,1% do subsector agrícola e o 4,3% ós servizos e actividades secundarias non agrarias (entre outras, a transformación do leite nas propias explotacións ou os beneficios de actividades coma a caza).

O valor engadido bruto a prezos básicos acadou os 1.282,8 millóns de euros e o consumo de capital fixo os 273,0 millóns, polo que o valor engadido netos a prezos básicos ascendeu a 1.009,8 millóns de euros, dos que o 30,3% xerouse na provincia de Pontevedra, e un 28,5% en A Coruña.

A renda agraria, calculada como a suma do valor engadido neto a prezos básicos e "outras subvencións á producción" menos "outros impostos sobre a producción", acadou en 2001 os 1.092,2 millóns de euros (último dato dispoñible). A renda agraria en Pontevedra foi de 321,3 millóns de euros (o 29,4% do total galego), ascendendo en A Coruña a 310,4 millóns de euros (28,4%) e en Lugo e Ourense a 277,8 e 182,7 millóns de euros, respectivamente (25,4% e 16,7%).

No que atinxe ós consumos intermedios, que inclúen tódolos gastos xerados no proceso de producción dos distintos subsectores (os efectuados fóra do sector agrario e máis aqueles procedentes da valoración dunha boa parte doas reempregos utilizados nas propias explotacións agrarias), estes acadaron no ano 2001 (último dato dispoñible) un valor de 715,5 millóns de euros. Ó igual que no ano anterior, **cadro 3.2.6.**, os gastos máis importantes corresponden a pensos para o gando (directamente relacionada coa gandería industrial), con 377,6 millóns de euros, e as de enerxía, con 99,47 millóns de euros. En conxunto, estes dous aspectos representan o 66,7% do total dos consumos intermedios.

Un aspecto importante a ter en conta é o consumo agrícola de fertilizantes. O **cadro 3.2.7.** amosa que Galicia consumiu en 2003 un total de 72,3 miles de toneladas de fertilizantes, un 6,1% menos que no ano anterior, sendo a novena comunidade en canto ó consumo dos mesmos. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o

3.2.7.

### *Consumo agrícola de fertilizantes nas CC.AA. 2002-03*

| | 2002 | 2003 | | | | 02/01 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | Nitrogenados | Fosfatados | Potásicos | |
| | | | *(en miles de Tm)* | | | *(%)* |
| **Andalucía** | 470,1 | 504,6 | 297,9 | 109,6 | 97,1 | 7,3 |
| **Aragón** | 164,1 | 211,5 | 97,7 | 71,4 | 42,4 | 28,9 |
| **Asturias** | 12,3 | 7,5 | 2,8 | 2,3 | 2,4 | -39,0 |
| **Baleares** | 2,6 | 6,0 | 4,1 | 1,3 | 0,6 | 130,8 |
| **Canarias** | 15,0 | 17,1 | 6,6 | 4,4 | 6,1 | 14,0 |
| **Cantabria** | 7,2 | 7,5 | 4,3 | 2,1 | 1,1 | 4,2 |
| **Castela - A Mancha** | 191,7 | 256,4 | 134,5 | 79,1 | 42,8 | 33,8 |
| **Castela e León** | 438,5 | 480,7 | 255,2 | 133,9 | 91,6 | 9,6 |
| **Cataluña** | 125,2 | 119,8 | 48,8 | 26,0 | 45,0 | -4,3 |
| **Comunidade Valenciana** | 236,9 | 244,0 | 124,0 | 47,5 | 72,5 | 3,0 |
| **Estremadura** | 107,8 | 104,4 | 55,5 | 24,2 | 24,7 | -3,2 |
| **Galicia** | 77,0 | 72,3 | 33,8 | 22,3 | 16,2 | -6,1 |
| **Madrid** | 19,8 | 24,6 | 10,6 | 8,3 | 5,7 | 24,2 |
| **Murcia** | 137,2 | 150,0 | 74,0 | 48,0 | 28,0 | 9,3 |
| **Navarra** | 55,4 | 51,5 | 27,4 | 15,5 | 8,6 | -7,0 |
| **País Vasco** | 38,5 | 25,9 | 12,9 | 8,7 | 4,3 | -32,7 |
| **A Rioxa** | 23,5 | 32,1 | 16,1 | 9,8 | 6,2 | 36,6 |
| **Total** | 2.122,8 | 2.315,9 | 1.206,2 | 614,4 | 495,3 | 9,1 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

3.2.8.

### *Inscricións de máquinas agrícola novas en Galicia e España 2002-03*

**2002**

| | Tractores | Motocultores | Colleitadoras de cereais | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.327 | 515 | 1 | 1.843 |
| **A Coruña** | 393 | 55 | - | 448 |
| **Lugo** | 267 | 15 | - | 282 |
| **Ourense** | 227 | 44 | 1 | 272 |
| **Pontevedra** | 440 | 401 | - | 841 |
| **España** | 18.162 | 830 | 525 | 19.517 |
| **G/E** | 7,3 | 62,0 | 0,2 | 9,4 |

**2003**

| | Tractores | Motocultores | Colleitadoras de cereais | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.319 | 506 | 5 | 1.830 |
| **A Coruña** | 424 | 56 | - | 480 |
| **Lugo** | 261 | 17 | 1 | 279 |
| **Ourense** | 219 | 48 | 4 | 271 |
| **Pontevedra** | 415 | 385 | - | 800 |
| **España** | 19.060 | 766 | 581 | 20.407 |
| **G/E** | 6,9 | 66,1 | 0,9 | 9,0 |

**03/02**

| | Tractores | Motocultores | Colleitadoras de cereais | Total |
|---|---|---|---|---|
| | | *(%)* | | |
| **Galicia** | -0,6 | -1,7 | 400,0 | -0,7 |
| **A Coruña** | 7,9 | 1,8 | | 7,1 |
| **Lugo** | -2,2 | 13,3 | | -1,1 |
| **Ourense** | -3,5 | 9,1 | 300,0 | -0,4 |
| **Pontevedra** | -5,7 | -4,0 | | -4,9 |
| **España** | 4,9 | -7,7 | 10,7 | 4,6 |

Fonte:*Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

3.2.9.

### *Índices de prezos percibidos polos agricultores 2002-03: medias anuais españolas*

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | *(ano base 1995=100)* | | *(%)* |
| **Productos vexetais** | 96,78 | 105,33 | 8,8 |
| **Productos agrícolas** | 94,97 | 103,97 | 9,5 |
| Cereais consumo humano | 79,35 | 81,57 | 2,8 |
| Cereais penso | 80,64 | 84,18 | 4,4 |
| Leguminosas consumo humano | 81,97 | 78,47 | -4,3 |
| Leguminosas penso | 71,79 | 70,55 | -1,7 |
| Tubérculos | 74,45 | 96,73 | 29,9 |
| Hortalizas | 129,21 | 146,18 | 13,1 |
| Froitas frescas (non cítricos) | 98,28 | 112,08 | 14,0 |
| Viño e mosto | 87,01 | 94,21 | 8,3 |
| Sementes | 74,98 | 78,51 | 4,7 |
| Flores e plantas ornamentais | 118,17 | 139,38 | 17,9 |
| **Productos animais** | 103,68 | 104,44 | 0,7 |
| Gando para abasto | 100,62 | 100,66 | 0,0 |
| Vacún para abasto | 97,43 | 95,50 | -2,0 |
| Ovino para abasto | 118,51 | 114,98 | -3,0 |
| Cabrún para abasto | 121,00 | 132,97 | 9,9 |
| Porcino para abasto | 96,30 | 92,73 | -3,7 |
| Aves para abasto | 97,90 | 110,05 | 12,4 |
| Coellos para abasto | 101,76 | 133,27 | 31,0 |
| **Productos gandeiros** | 113,00 | 118,10 | 4,5 |
| Leite | 107,83 | 107,82 | 0,0 |
| Ovos | 133,76 | 157,86 | 18,0 |
| La | 65,69 | 76,69 | 16,7 |
| Gando vivo | 102,40 | 97,32 | -5,0 |
| **Productos forestais** | 117,88 | 121,25 | 2,9 |
| Madeira | 103,35 | 105,03 | 1,6 |
| Madeira coníferas | 112,75 | 120,81 | 7,1 |
| Madeiras frondosas | 89,96 | 82,53 | -8,3 |
| Corcho | 348,57 | 379,00 | 8,7 |
| **Índice xeral de prezos percibidos** | 99,52 | 104,98 | 5,5 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

3.2.10.

### *Índices de prezos pagados polos agricultores 2002-03*

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | *(Ano Base 1995= 100)* | | *(%)* |
| **Ben e servicios de uso corrente** | 113,41 | 114,73 | 1,2 |
| Sementes e plantóns | 134,45 | 135,28 | 0,6 |
| Fertilizantes | 111,32 | 110,52 | -0,7 |
| Simples | 115,69 | 115,54 | -0,1 |
| Compostos | 106,57 | 106,47 | -0,1 |
| Enmendas | 114,88 | 107,44 | -6,5 |
| Alimentos de gando | 102,21 | 101,81 | -0,4 |
| Pensos simples | 108,56 | 104,54 | -3,7 |
| Pensos compostos | 100,65 | 101,14 | 0,5 |
| Protección fitopatolóxica | 117,29 | 119,41 | 1,8 |
| Tratamentos zoosanitarios | 140,55 | 141,17 | 0,4 |
| Cons. e rep. Maquinaria | 123,91 | 131,64 | 6,2 |
| Cons. e rep. Edificios | 128,24 | 132,01 | 2,9 |
| Enerxía e lubricantes | 129,57 | 134,53 | 3,8 |
| Material e pequeno utillaxe | 106,91 | 109,89 | 2,8 |
| Gastos xerais | 124,17 | 127,67 | 2,8 |
| **Bens de investimento** | 128,46 | 131,92 | 2,7 |
| Maquinaria e outros bens de equipo | 128,88 | 133,97 | 3,9 |
| Obras de inversión | 128,15 | 130,40 | 1,8 |

Fonte: *Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación, Boletín Mensual de Estadística*

3,1% do total consumido en España, fronte ó 3,6% do ano anterior.

En Galicia, a diferencia do acontecido no conxunto do Estado, rexístrase unha caída das inscricións de maquinaria agrícola nova, producíndose a mesma tanto no caso dos tractores como dos motocultores. O número de tractores foi de 1.319 no ano 2003 fronte ós 1.327 do ano anterior (un 0,6% menos), en tanto que no caso dos motocultores, pásase dos 515 de 2002 ós 506 do ano considerado (1,7% menos) (**cadro 3.2.8.**).

O **cadro 3.2.9.** reflicte os índices de prezos percibidos polos agricultores nos dous últimos anos, onde se aprecia unha medra do índice xeral do 5,5%. Os diferentes tipos de productos considerados experimentan un crecemento do índice, sendo os máis acusados os dos productos agrícolas e vexetais, cun 9,5% e 8,8%, respectivamente.

En relación ós prezos pagados polos agricultores, o **cadro 3.2.10.** amosa un crecemento tanto no caso dos bens e servicios de uso corrente como no caso dos bens de investimento. No primeiro caso, o índice de prezos rexistra no ano 2003 unha medra do 1,2% respecto ó ano anterior, sendo esta porcentaxe do 2,7% no caso dos bens de investimento.

Finalmente, no concernente ás axudas ó sector agrario, os **cadros 3.2.11.**, **3.2.12.** e **3.2.13.** reflicten as diferentes axudas ás explotacións agrarias outorgadas nos anos 2001 e 2002, así como as axudas á industria agroalimentaria e as liñas de axuda ó fomento asociativo. Segundo o *Anuario de Estatística Agraria 2002*, o número de medidas ou liñas de actuación dirixidas ás explotacións agrarias expedidas en 2002 ascendeu a 182.673 (un 28,2% superior ó experimentado o ano anterior), cun volume total de subvencións de 139,4 millóns de euros, fronte ós 201,4 millóns de euros do ano anterior.

Os principais grupos de axudas atendendo ó número de axudas estructurais son os de "seguros agrarios", as "axudas a superficies con cultivos herbáceos" e as "primas de sacrificio vacún", que acollen o 64,7% das axudas concedidas. No último ano cómpre salienta-la medra das subvencións para seguros agrarios, que pasa de 5.427 expedientes en 2002 a 46.729 expedientes en 2002.

O **cadro 3.2.12.** reflicte que no ano 2001 un total 312 empresas se favoreceron das medidas de apoio á industria agroalimentaria, ascendendo o volume total da subvención a 46,6 millóns de euros, o que representa o 46,7% do investimento total subvencionado. A industria vitivinícola acolle a 138 das 312 empresas subvencionadas, sendo o montante global da subvención de 9,3 millóns de euros. As 62 empresas cárnicas recibiron unha subvención de 14,2 millóns de euros, mentres que a subvención das 38 empresas lácteas foi de 13,1 millóns de euros.

Pontevedra e Ourense son as provincias que acollen o maior número de empresas agroalimentarias con subvención (117 e 71 empresas, respectivamente), en tanto que A Coruña é quen presenta a maior porcentaxe da subvención outorgada, co 47,4% da subvención total na provincia (46,3%, en Lugo e Ourense e 46,1%, en Pontevedra).

No caso das liñas de axudas ó fomento asociativo, o **cadro 3.2.13.** amosa que as axudas ás agrupacións de productores agrarios é a que presenta o maior volume de subvención, con 5.885,3 miles de euros (o 60,4% da subvención total). En termos de beneficiarios, a liña de axuda máis importante é a de apoio ó cooperativismo, con 147 beneficiarios, o 46,1% dos beneficiarios totais neste tipo de axudas.

3.2.11.

### *Axudas ás explotacións agrarias 2001-02*

| | 2001 | | 2002 | |
|---|---|---|---|---|
| | Número | Subvención (en €) | Número | Subvención (en €) |
| **Posta en producción de superficies infrautilizadas en montes veciñais** | 10 | 592.980,88 | 30 | 286.830,62 |
| **Mellora da eficacia dos sitemas productivos agrarios** | 32 | 607.575,16 | | |
| **Axudas a superficies con cultivos herbáceos** | 35.385 | 16.531.296,00 | 36.708 | 19.866.569,00 |
| **Primas a productores de vacún de carne (becerros)** | 22.044 | 6.856.923,55 | 20.710 | 7.186.648,77 |
| **Primas a gandeiros de ovino-caprún** | 3.910 | 2.288.343,23 | 3.638 | 3.960.085,57 |
| **Primas a gandeiros con vacas mosexas** | 22.963 | 36.754.818,63 | 21.826 | 35.870.403,13 |
| **Primas sacrificio vacún** | 29.504 | 4.368.329,32 | 34.781 | 9.231.867,53 |
| **Mellora das estructuras de explotacións agrarias (RD 1887/91, 204/96)** (só subvención directa) | | | | |
| A)Primeira instalación de agricultores novos | 740 | 5.242.553,08 | 491 | 3.866.337,00 |
| B)Investimentos en plans de mellora de explotacións | 2.070 | 12.640.585,37 | 1.585 | 11.562.879,00 |
| C)Axudas para a introdución á contabilidade | - | - | - | - |
| D)Axudas a agrupacións de xestión | 2.168 | 744.784,37 | 32 | 556.736,00 |
| R)Investimentos en plans de mellora fóra da acción común | - | - | - | - |
| **Cesamento anticipado na actividade agraria** | 1.786 | 82.136.445,00 | 2.963 | 14.869.593,33 |
| **Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas** | 14.201 | 11.468.595,00 | 10.789 | 8.486.151,82 |
| **Abandono producción leiteira** | 424 | 3.588.483,73 | 137 | 1.109.084,22 |
| **Medidas agroambientais en agricultura (R. 2078/92)** | | | | |
| Razas autóctonas en perigo de extinción | 184 | 181.925,15 | 161 | 188.224,76 |
| Protección integrada do viñedo | 251 | 153.034,55 | 107 | 48.100,82 |
| Conservación contorno paisaxístico en viñedos Ribeira Sacra | 527 | 121.055,57 | 228 | 47.798,35 |
| Mellora do medio físico en prados e pasteiros | - | - | 18 | 35.119,28 |
| Gandería ecolóxica | - | - | 10 | 45.425,81 |
| Agricultura ecolóxica | - | - | 57 | 37.657,59 |
| Prevención erosión en sistemas extensivos de pastoreo | 52 | 205.547,48 | 2 | 8.720,51 |
| **Reestrucutación de viñedo** | 544 | 5.060.081,03 | 1.314 | 9.881.465,74 |
| **Adquisición de maquinaria** | 7 | 226.800,46 | 50 | 1.849.404,87 |
| **Agrupación tratamentos integrados para a agricultura (ATRIA)** | 21 | 337.244,18 | 22 | 292.385,65 |
| **Agrupación defensa vexetais (ADV)** | 52 | 335.652,91 | 69 | 418.271,93 |
| **Medidas extraordinarias sectores vitivinícola e fructícola** | 56 | 224.476,82 | 58 | 224.672,47 |
| **Programas agrarios (agás ADV e ATRIA)** | - | - | 49 | 1.390.655,58 |
| **Seguros agrarios** | 5.427 | 420.627,20 | 46.729 | 3.942.604,01 |
| **Fomento do emprego** | 51 | 6.004.494,23 | - | - |
| **Sementes e plantas de viveiro** | 17 | 333.684,19 | 29 | 664.439,37 |
| **Mellora da calidade do leite** | 86 | 4.015.069,62 | 80 | 3.454.262,78 |
| **Total** | 142.512 | 201.441.406,71 | 182.673 | 139.382.395,51 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2002*

3.2.12.

**Apoio á industria agroalimentaria 2002: distribución segundo tipo de industria**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cárnicas** | | | | | |
| Empresas | 15 | 15 | 8 | 24 | 62 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 14.045,87 | 2.145,42 | 2.132,81 | 11.136,46 | 29.460,56 |
| Subvención (en miles de €) | 6.944,94 | 1.008,35 | 1.002,42 | 5.276,62 | 14.232,33 |
| **Lácteas** | | | | | |
| Empresas | 14 | 13 | 5 | 6 | 38 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 14.952,11 | 10.299,53 | 1.182,06 | 1.324,82 | 27.758,52 |
| Subvención (en miles de €) | 7.117,94 | 4.840,78 | 558,31 | 615,08 | 13.132,11 |
| **Vtivinícola** | | | | | |
| Empresas | 7 | 24 | 45 | 62 | 138 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 1.939,71 | 1.197,04 | 6.345,19 | 10.333,20 | 19.815,14 |
| Subvención (en miles de €) | 909,48 | 526,85 | 2.999,71 | 4.844,54 | 9.280,58 |
| **Alimentación animal** | | | | | |
| Empresas | 8 | 5 | 0 | 4 | 17 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 610,86 | 929,30 | - | 379,44 | 1.919,60 |
| Subvención (en miles de €) | 292,52 | 436,77 | - | 179,90 | 909,19 |
| **Hortofructícola** | | | | | |
| Empresas | 7 | 12 | 9 | 14 | 42 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 5.596,51 | 1.760,78 | 2.904,48 | 5.259,40 | 15.521,17 |
| Subvención (en miles de €) | 2.341,58 | 751,58 | 1.282,93 | 2.403,33 | 6.779,42 |
| **Outras** | | | | | |
| Empresas | 3 | 1 | 4 | 7 | 15 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 379,99 | 339,95 | 483,95 | 4.202,52 | 5.406,41 |
| Subvención (en miles de €) | 178,59 | 159,78 | 202,83 | 1.735,50 | 2.276,70 |
| **Total** | | | | | |
| Empresas | 54 | 70 | 71 | 117 | 312 |
| Investimento subvencionado (en miles de €) | 37.525,05 | 16.672,02 | 13.048,49 | 32.635,84 | 99.881,40 |
| Subvención (en miles de €) | 17.785,05 | 7.724,11 | 6.046,20 | 15.054,97 | 46.610,33 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2002*

3.2.13.

**Fomento asociativo 2002: liñas de axuda**

| | Beneficiarios | Subvención (en €) |
|---|---|---|
| **Fomento do asociacionismo** | 34 | 241.155,45 |
| Incorporación de socios ás cooperativas e SAT | 20 | 232.183,50 |
| Constitución de novas cooperativas e SAT | 14 | 8.971,95 |
| Integración, fusión e absorción cooperativa | - | 0,00 |
| **Apoio ó cooperativismo** | 147 | 1.374.129,90 |
| Formación cooperativa: cursos e viaxes | 10 | 12.063,27 |
| Auditorías, análises e estudios | 45 | 177.154,34 |
| Equipamento informático e fotocopiadoras | 39 | 148.870,95 |
| Contratación de persoal | 51 | 1.031.288,84 |
| Actuacións relacionadas coa calidade | 2 | 4.752,50 |
| **Cooperativas utilización maquinaria agrícola** | 57 | 1.947.614,64 |
| **Agrupacións de productores agrarios (APAS)** | 25 | 5.885.343,45 |
| **Organización profesional do sector agrario** | 3 | 150.253,00 |
| **Viaxes de interese agrario** | - | - |
| **Bolsas de prácticas** | 53 | 144.243,00 |
| **Total** | 319 | 9.742.739,44 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2002*

Outro tipo de axudas ó sector agrario son as axudas á promoción e comercialización dos productos agrarios e agroalimentarios galegos, con 215 beneficiarios (232 beneficiarios no ano anterior) e 2.890,3 miles de euros (43,3 miles de euros menos).

No concernente ó estudio dos **indicadores empresariais** analizados polo Ardán, o subsector agro-gandeiro está constituído por un total de 1.302 empresas, sendo o seu emprego medio de 18 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 6.071,3 millóns de euros (o 12,2% do total galego) e xeraron un VEB total a

3.2.14.

**Complexo agro-gandeiro 2002: actividades que comprende o grupo**

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | Cash-flow | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(en miles de €)* | | | | |
| **Agricultura** | 21 | 24.431,6 | 10.250,7 | 3.077,0 | 42.998,9 | 19 |
| **Gandeiría** | 40 | 46.563,7 | 7.162,3 | 688,6 | 40.086,9 | 7 |
| **Avicultura** | 17 | 52.863,9 | 8.008,4 | 1.819,0 | 22.358,3 | 20 |
| **Fabricación de productos cárnicos** | 66 | 288.711,6 | 43.369,5 | 10.026,0 | 141.278,0 | 25 |
| **Fabricación de productos lácteos** | 22 | 607.129,6 | 51.750,4 | 21.179,5 | 319.733,8 | 43 |
| **Fabric.de productos para a alimentación animal** | 34 | 375.761,2 | 63.514,8 | 26.952,6 | 228.854,3 | 31 |
| **Fabr.fariñas, pan e prod.panadería e pastel** | 131 | 132.355,3 | 50.371,2 | 10.701,5 | 97.095,4 | 19 |
| **Fabr.bebidas con base alcohólica (exc.viño)** | 11 | 94.488,8 | 38.641,2 | 20.178,5 | 101.626,9 | 32 |
| **Fabricación de viños e brandy** | 48 | 73.178,5 | 17.833,4 | 6.791,7 | 105.364,9 | 9 |
| **Fabr.beb.refresc.non alcohol.e augas minerais** | 18 | 167.403,8 | 37.505,9 | 29.368,0 | 161.232,7 | 43 |
| **Fabricación doutros productos alimenticios** | 27 | 93.293,0 | 20.957,2 | 5.967,8 | 70.800,6 | 23 |
| **Torrefacción de café** | 15 | 32.056,6 | 10.267,7 | 3.893,6 | 25.948,8 | 14 |
| **Distrib. xeral maiorista de prod. aliment. e bebidas** | 303 | 1.768.158,4 | 83.352,7 | 27.962,2 | 640.204,7 | 13 |
| **Distrib. esp. maiorista prod. aliment. e bebidas** | 56 | 432.584,4 | 44.798,7 | 6.728,8 | 249.150,2 | 22 |
| **Distrib. esp. maiorista productos lácteos** | 27 | 442.252,3 | 6.451,1 | 1.349,6 | 78.556,1 | 8 |
| **Distribución maiorista carnes e productos cárnicos** | 56 | 145.764,1 | 12.201,4 | 2.522,5 | 46.522,7 | 10 |
| **Distribución maiorista froitas frescas e verduras** | 97 | 190.231,5 | 19.623,1 | 4.915,2 | 65.094,8 | 9 |
| **Distribución maiorista de gando e prod.de granxa** | 116 | 299.273,0 | 30.769,8 | 9.506,3 | 132.467,4 | 8 |
| **Distribución maiorista de bebidas alcohólicas** | 28 | 33.694,6 | 4.973,3 | 955,7 | 19.513,2 | 8 |
| **Distrib. minorista de prod. alimenticios e bebidas** | 146 | 752.882,7 | 99.511,7 | 18.800,0 | 218.640,4 | 41 |
| **Servicios para agricultura** | 12 | 10.015,7 | 4.073,3 | 448,5 | 8.121,4 | 22 |
| **Serv. para gandeiría e activ.veterinarias** | 11 | 8.168,5 | 3.252,5 | 865,2 | 6.443,1 | 13 |
| **Total** | 1.302 | 6.071.262,7 | 668.640,3 | 214.697,8 | 2.822.093,3 | 18 |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** *(%)* | 9,6 | 12,2 | 6,7 | 8,2 | 7,0 | |

Fonte: *Ardán*

custo de factores de 668,6 millóns de euros (o 6,7%).

O **cadro 3.2.14.** reflicte que as actividades relacionadas coa distribución de productos alimenticios e bebidas son as que engloban o maior número de empresas, con 829 empresas (o 63,7% das empresas pertencentes ó sector primario), xerando o 67,0% dos ingresos de explotación e o 45,1% do VEB a custo de factores. As actividades máis importantes son as relacionadas coa distribución minorista e distribución xeral maiorista, con 99,5 e 83,4 millóns de euros, respectivamente (o 27,3% do VEB xerado neste subsector)

As 450 empresas relacionadas coas actividades productivas (34,6% das empresas deste sector), xeraron o 53,8% do VEB do sector primario e industrias relacionados e o 32,7% dos ingresos de explotación. Entre as diferentes actividades productivas cómpre salientar, polo que á xeración do VEB se refire, as de fabricación de productos para a alimentación animal (63,5 millóns de euros), as de fabricación de productos lácteos (51,8 millóns de euros) e as de fabricación de fariñas, pan e productos panadería e pastelería (50,4 millóns de euros), que en conxunto acollen o 24,8% do VEB xerado polo subsector.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 3.2.15.**, é A Coruña cun total de 156,9 millóns de euros, un 11,2% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 57,4 millóns de euros (un 3,9% máis).

A conta de explotación agregada das 1.302 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 3.2.16.**, reflicte que no ano 2002 as empresas do complexo agrogandeiro presentaron unha caída do 2,3% do resultado de actividades ordinarias, que acada os 130,1 millóns de euros, e unha medra do resultado de actividades extraordinarias do 6.617,2%, acadando os 33,4 millóns de euros. Esto facilita que o resultado neto do exercicio aumente un 26,1% e ascenda a 116,6 millóns de euros en 2002.

Nese ano os ingresos de explotación medraron un 7,9% e o VEB a custo de factores un 8,3%, manténdose a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación nos 11,0% de 2001.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.2.17.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 10,2% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 164,8 millóns de euros, un 25,3% superior ó existente o ano anterior. O 89,8% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 48,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 12,1% respecto ó ano anterior, supoñen o 35,0% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron nun 3,8%, cun peso relativo do 11,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.822,1 millóns de euros, un 7,7% superior ó valor de 2001, dos que 1.210,6 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 8,4% superior ó ano anterior). Os 1.611,4 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 7,2% en relación a 2001.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.2.18.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, así como un incremento, respecto ós ingresos de explotación, do VEB e dos gastos de persoal. A carga financeira mantense no mesmo nivel que en 2001.

## 3.2.15.

**_Complexo agro-gandeiro 2001-02: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB_**

| Núcleos | 2001 | 2002 | 02/01 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **A Coruña** | 141.171,8 | 156.918,7 | 11,2 |
| **Vigo** | 55.208,1 | 57.353,0 | 3,9 |
| **Lugo** | 27.440,2 | 30.885,6 | 12,6 |
| **O Porriño** | 31.821,1 | 30.627,0 | - 3,8 |
| **Oleiros** | 23.714,7 | 25.991,2 | 9,6 |
| **Arteixo** | 23.521,8 | 24.998,2 | 6,3 |
| **Pontedeume** | 17.844,4 | 20.827,6 | 16,7 |
| **Santiago** | 16.544,2 | 18.100,7 | 9,4 |

Fonte: *Ardán*

## 3.2.16.

**_Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 2001-02: ingresos, custos e resultados_**

| | 2001 | | 2002 | | 02/01 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Ingresos de explotación** | 5.628.197,5 | 100 | 6.071.262,7 | 100 | 7,9 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 5.010.942,4 | 89,03 | 5.402.622,4 | 88,99 | 7,8 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 617.255,1 | 10,97 | 668.640,3 | 11,01 | 8,3 |
| **Gastos de persoal** | 386.547,9 | 6,87 | 413.682,2 | 6,81 | 7,0 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 230.707,2 | 4,10 | 254.958,0 | 4,20 | 10,5 |
| **Amortizacións** | 93.070,6 | 1,65 | 106.346,0 | 1,75 | 14,3 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 137.636,6 | 2,45 | 148.612,0 | 2,45 | 8,0 |
| **Resultado financeiro** | -4.533,3 | -0,08 | -18.554,4 | -0,31 | -309,3 |
| **Ingresos financeiros** | 51.168,4 | 0,91 | 44.602,0 | 0,73 | -12,8 |
| **Gastos financeiros** | 55.701,7 | 0,99 | 63.156,4 | 1,04 | 13,4 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 133.103,4 | 2,36 | 130.057,7 | 2,14 | -2,3 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 496,8 | 0,01 | 33.367,9 | 0,55 | 6617,2 |
| **Resultado antes de impostos** | 133.600,1 | 2,37 | 163.425,5 | 2,69 | 22,3 |
| **Impostos** | 41.153,1 | 0,73 | 46.827,9 | 0,77 | 13,8 |
| **Resultado neto do exercicio** | 92.447,3 | 1,64 | 116.597,5 | 1,92 | 26,1 |
| **Cash-flow** | 179.854,1 | 3,20 | 214.697,8 | 3,54 | 19,4 |

Fonte: *Ardán*

## 3.2.17.

**_Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 2001-02_**

| | 2001 | | 2002 | | 02/01 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | *(%)* | *(en miles de €)* | *(%)* | *(%)* |
| **Activo total** | 2.619.654,3 | 100 | 2.822.093,3 | 100 | 7,7 |
| **Activo fixo (neto)** | 1.116.605,8 | 42,62 | 1.210.644,2 | 42,90 | 8,4 |
| **Gastos amortizables** | 25.044,9 | 0,96 | 26.573,4 | 0,94 | 6,1 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 138.986,0 | 5,31 | 141.890,1 | 5,03 | 2,1 |
| **Inmobilizado material** | 692.916,4 | 26,45 | 761.378,6 | 26,98 | 9,9 |
| **Outro inmobilizado** | 258.447,8 | 9,87 | 280.075,0 | 9,92 | 8,4 |
| **Outro activo fixo** | 1.210,9 | 0,05 | 727,3 | 0,03 | -39,9 |
| **Circulante neto** | 1.503.048,5 | 57,38 | 1.611.449,1 | 57,10 | 7,2 |
| **Existencias** | 448.860,5 | 17,13 | 450.548,7 | 15,97 | 0,4 |
| **Debedores** | 812.659,8 | 31,02 | 893.670,1 | 31,67 | 10,0 |
| **Tesourería** | 124.707,8 | 4,76 | 126.529,1 | 4,48 | 1,5 |
| **Outro activo circulante** | 116.820,4 | 4,46 | 140.701,1 | 4,99 | 20,4 |
| **Fontes de financiamento** | 2.619.654,3 | 100,00 | 2.822.093,3 | 100,00 | 7,7 |
| **Financiamento permanente** | 1.248.095,1 | 47,64 | 1.375.403,8 | 48,74 | 10,2 |
| **Fondos propios** | 880.017,5 | 33,59 | 986.335,6 | 34,95 | 12,1 |
| **Recursos alleos l/p** | 315.908,1 | 12,06 | 327.816,3 | 11,62 | 3,8 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 52.169,5 | 1,99 | 61.251,9 | 2,17 | 17,4 |
| **Acreedores a curto plazo** | 1.371.559,3 | 52,36 | 1.446.689,7 | 51,26 | 5,5 |
| **Fondo de rotación** | 131.489,2 | 5,02 | 164.759,4 | 5,84 | 25,3 |

Fonte: *Ardán*

3.2.18.

**_Complexo agro-gandeiro 2001-02: estudio económico-financeiro_**

**_Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación_**

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | | | | | | |
| **2002** | 4,32 | 5,94 | 13,66 | 26,92 | 9,97 | 18,53 | 1,80 | 3,08 | 0,56 | 0,97 | 2,46 | 3,51 |
| **2001** | 9,01 | 8,83 | 13,12 | 27,06 | 9,56 | 18,70 | 1,77 | 3,13 | 0,56 | 1,04 | 2,47 | 3,45 |

**_Rendibilidade e magnitudes asociadas_**

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| | (%) | | | | | | (%) | | | | | |
| **2002** | 4,89 | 5,82 | 1,94 | 3,30 | 2,53 | 1,72 | 12,26 | 14,60 | 1,79 | 2,22 | 2,23 | 2,38 |
| **2001** | 4,76 | 5,83 | 1,97 | 3,36 | 2,50 | 1,72 | 11,55 | 15,20 | 1,72 | 2,34 | 2,35 | 2,48 |

Fonte: *Ardán*

3.2.19.

**Macromagnitudes do subsector agrícola 2002**

| Cultivos | Valor a prezos do producto | Subvención | Valor a prezos básicos |
|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | |
| Cereais | 31.847,6 | 21.869,0 | 53.716,6 |
| Leguminosas | 5.021,8 | - | 5.021,8 |
| Pallas | 2.982,2 | - | 2.982,2 |
| Tubérculos consumo humano | 74.091,1 | - | 74.091,1 |
| Cultivos forraxeiros | 4.717,9 | 23.820,0 | 28.537,9 |
| Pastos accidentais e praderías naturais | 84.914,2 | - | 84.914,2 |
| Hortalizas | 83.462,1 | - | 83.462,1 |
| Cítricos | 2.190,8 | - | 2.190,8 |
| Froitas non cítricas | 55.830,3 | - | 55.830,3 |
| Viño e subproductos | 86.289,6 | - | 86.289,6 |
| Flores e plantas ornamentais | 108.373,9 | - | 108.373,9 |
| Sementes selectas e pes agrículas | 53.888,3 | - | 53.888,3 |
| Outros | 1.356,9 | - | 1.356,9 |
| Total | 594.966,7 | 45.689,0 | 640.655,7 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2002*

3.2.20.

**Produccións agrícolas 2002: superficie e produccións**

| Cultivos | Superficie | Produción | Destino | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Autoconsumo e reemprego | Comercialización |
| | (en Ha.) | (en Tm.) | (%) | |
| Cereais gran | | | | |
| Trigo | 20.235 | 68.514 | 64,0 | 36,0 |
| Centeo | 5.286 | 15.427 | 81,0 | 19,0 |
| Feixón seco | 3.407 | 4.085 | 44,0 | 56,0 |
| Pataca | 22.587 | 577.562 | 47,0 | 53,0 |
| Cultivos forraxeiros | | | | |
| Millo forraxeiro | 40.186 | 1.954.878 | 100 | - |
| Pradería | 229.571 | 12.027.174 | 100 | - |
| Hortalizas | | | | |
| Tomate | 811 | 23.592 | 58,0 | 42,0 |
| Leituga | 926 | 19.032 | 50,0 | 50,0 |
| Pemento | 858 | 14.809 | 46,0 | 54,0 |
| Cebola | 1.639 | 37.865 | 30,0 | 70,0 |
| Feixón verde | 1.648 | 23.394 | 36,0 | 64,0 |
| Repolo e coliflor | 1.587 | 47.323 | 78,0 | 22,0 |
| Uva para vinificación | 33.273 | 342.315 | 100 | - |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2002*

O devandito **cadro 3.2.18.** amosa que a rendibilidade financeira antes de impostos aumenta influenciado pola medra da rendibilidade financeira, malia o incremento do custo neto da débeda. O nivel de endebedamento do sector decrece en 2002.

***• Agricultura***

As macromagnitudes do subsector agrícola reflicten que o valor a prezos do productor do conxunto do subsector ascendeu a 595,0 millóns de euros e as subvencións a 45,7 millóns de euros. O **cadro 3.2.19.** reflicte que o valor total da producción a prezos básicos acadou os 640,7 millóns de euros.

Atendendo á desagregación segundo grupo de productos, o devandito cadro amosa que as flores e plantas ornamentais presentan o valor a prezos básicos máis elevado, con 108,4 millóns de euros (o 16,9% do valor total do subsector agrícola), seguido polo viño e subproductos, con 86,3 millóns de euros (13,5%), e os pastos accidentais e parados naturais e hortalizas, con 84,9 millóns (13,3%) e 83,5 millóns de euros 13,0%), respectivamente.

A contía total das subvencións ascendeu a 45,7 millóns de euros, dos que 23,8 millóns de euros corresponden ós cultivos forraxeiros e 21,9 millóns de euros ós cereais.

## 3.2.21. Productos galegos con indicativo de calidade 2002

| | Denominación de Orixe de Viños | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Ribeiro | Valdeorras | Rías Baixas | Monterrei | Ribeira Sacra |
| **Productores** | 5.899 | 2.022 | 5.438 | 550 | 2.807 |
| **Industrias** | 95 | 35 | 171 | 11 | 90 |
| **Superficie inscrita** *(Ha)* | 2.627,0 | 1.330 | 2.526 | 630 | 1.200 |
| **Colleita** *(Kg de uva)* | | | | | |
| **Branca** | 13.044.590 | 2.732.802 | 13.355.433 | 31.077 | 148.786 |
| **Tinta** | 1.092.967 | 2.135.032 | 44.785 | 214.219 | 2.104.757 |
| **Producción** *(litros)* | | | | | |
| **Branco** | 9.652.996 | 1.897.010 | 8.841.786 | 208.600 | 86.878 |
| **Tinto** | 808.796 | 1.836.080 | 27.220 | 150.000 | 1.491.501 |
| **Viño cualificado** *(litros)* | | | | | |
| **Branco** | 5.236.809 | 1.319.810 | 8.463.787 | 214.000 | 109.456 |
| **Tinto** | 410.897 | 1.801.065 | 17.415 | 142.500 | 1.561.948 |

| | Denominación Específica Orujo de Galicia | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| **Productores** | 3 | 17 | 32 | 41 | 93 |
| **Destiladores** | 5 | 5 | 10 | 10 | 30 |
| **Envellecedores** | 3 | 2 | 4 | 3 | 12 |
| **Embotelladores** | 5 | 7 | 13 | 10 | 35 |
| **Producción** *(litros)* | | | | | |
| **Branca** | 83.434 | 21.822 | 76.926 | 38.699 | 220.881 |
| **Envellecida** | - | 2.700 | 225 | 225 | 3.150 |

| | Denominación Específica Pataca de Galicia | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Subzona Bergantiños | Subzona Vilalba | Subzona A Limia | Galicia |
| **Productores** | 25 | 59 | 183 | 267 |
| **Parcelas declaradas** | 96 | 152 | 475 | 723 |
| **Superficie** *(Ha)* | 29 | 50 | 343 | 422 |
| **Envasadores** | 1 | 3 | 4 | 8 |
| **Patata comercializada** *(Kg)* | 340.000 | 568.000 | 3.544.000 | 4.452.000 |

| | Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| **Productores activos** | 889 | 5.103 | 450 | 87 | 6.529 |
| **Explotacións activas** | 957 | 5.259 | 592 | 153 | 6.961 |
| **Industrias cárnicas** | 18 | 12 | 14 | 12 | 56 |
| **Canais certificadas** | 17.553 | 16.041 | 7.136 | 12.704 | 53.434 |

| | Indicación Xeográfica Protexida Lacón Gallego | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| **Explotacións** | 13 | 20 | - | 32 | 65 |
| **Industrias cárnicas** | 14 | 31 | 4 | 10 | 59 |
| **Lacóns comercializados** | 312 | 6.305 | - | - | 6.617 |

| | Queixo: Denominacións de orixe | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Queixo Tetilla | Arzúa - Ulloa | San Simón da Costa | Queixo do Cebreiro |
| **Gandeiros** | 727 | 600 | 50 | 9 |
| **Queixerías** | 25 | 18 | 7 | 3 |
| **Producción** *(Uds)* | 1.753.000 | 1.822.000 | 137.809 | 47.887 |
| (Kg) | 1.818.700 | 2.173.822 | 159.148 | 26.669 |

| | Denominación Específica Mel de Galicia | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
| **Apicultores** | 138 | 120 | 154 | 62 | 474 |
| **Colmeas** | 4.896 | 10.611 | 9.872 | 2.905 | 28.284 |
| **Envasadores** | 19 | 18 | 16 | 12 | 65 |
| **Producción** *(Kg)* | | | | | |
| **Total** | 97.920 | 212.220 | 197.440 | 58.100 | 565.680 |
| **Certificada** | 46.015 | 70.348 | 7.870 | 69.050 | 193.283 |

| | Agricultura ecolóxica |
|---|---|
| **Productores** | 230 |
| **Superficie inscrita** *(en Ha.)* | 3.585 |
| **Envasadores** | 32 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2002*

3.2.22.

**Macromagnitudes do subsector gandeiro 2002**

| | Valor a prezos do productor | Subvención | Valor a prezos básicos |
|---|---|---|---|
| | | (en miles de €) | |
| **Vacún: carne e gando** | 152.617,7 | 35.607,0 | 188.224,7 |
| **Ovino: carne e gando** | 2.393,9 | 2.108,0 | 4.501,9 |
| **Cabrún: carne e gando** | 671,6 | - | 671,6 |
| **Porcino: carne e gando** | 165.383,1 | - | 165.383,1 |
| **Aves: carne e gando** | 145.592,3 | - | 145.592,3 |
| **Coellos: carne e gando** | 19.414,6 | - | 19.414,6 |
| **Equino: carne e gando** | 1.562,3 | - | 1.562,3 |
| **Leite** | 661.302,6 | - | 661.302,6 |
| **Ovos** | 60.258,9 | - | 60.258,9 |
| **La** | 106,3 | - | 106,3 |
| **Esterco** | - | - | - |
| **Traballo animal** | - | - | - |
| **Varios** | 24.497,4 | - | 24.497,4 |
| **Total** | 1.233.800,6 | 37.715,0 | 1.271.515,5 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de Estatística Agraria 2002*

No que atinxe á superficie, a producción e o seu destino dos principais cultivos, o *Anuario de estatística agraria* reflicte, **cadro 3.2.20.**, a importancia dos cultivos forraxeiros en canto á superficie e producción. En 2002 a superficie dedicada á pradería foi de 229.571 hectáreas e a súa producción de 12.027,1 miles de toneladas. Séguelle en importancia o millo forraxeiro, cunha superficie de 40.186 hectáreas e unha producción de 1.954,9 miles de toneladas. A producción de ámbolos dous productos dedícase na súa totalidade ó autoconsumo e reemprego.

A análise da producción no subsector agrícola cómpre finaliza-la facendo referencia ós productos galegos con indicativo de calidade. No caso concreto da agricultura, o **cadro 3.2.21.** reflicte os principais datos da producción dos tres productos agrícolas con distintivo de calidade: viño, augardente e pataca.

***• Gandería***

O punto de partida do estudio do subsector gandeiro é a análise das súas macromagnitudes. O **cadro 3.2.22.** reflicte que en 2002 o valor a prezos do productor ascendeu a 1.233,8 millóns de euros, dos que 746,2 millóns corresponden ás produccións animais e 487,6 millóns de euros corresponden ós productos de carne e gando. Tendo en conta o valor das subvencións, todas elas correspondentes ós grupos de productos de carne e gando de vacún e ovino, o valor a prezos básicos do subsector gandeiro foi de 1.271,5 millóns de euros, dos que 525,4 millóns corresponden ós productos de carne e gando.

Entre os subsectores gandeiros cómpre salienta-la importancia do subsector lácteo en Galicia, xa que o valor da súa producción a prezos de productor ascendeu a 661,3 millóns de euros (o 53,6% do valor total do subsector gandeiro).

Centrándonos no gando bovino, os datos do *Rexistro de Gando Bovino 2003* amosan, **cadro 3.2.23.**, que nas 63.978 explotacións galegas de bovino había un total de 1.045.478 reses, cun número medio de 14,8 reses por explotación. A provincia de Lugo é a que presenta o número medio máis elevado, con 20,7 cabezas, seguido de A Coruña, con 15,0 animais por explotación, e de Ourense e Pontevedra, con 7,8 e 7,5 reses.

O **cadro 3.2.23.** reflicte que o 52,1% das reses rexistradas corresponde a vacas de muxidura (544.371 reses) e un 30,6% a vacas non de muxidura (320.193 reses).

**3.2.23.**

*Explotacións de bovino do Rexistro de Gando Bovino 2003*

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº explotacións | 24.153 | 20.803 | 4.496 | 14.526 | 63.978 |
| Total bovinos | 388.874 | 475.196 | 65.302 | 116.106 | 1.045.478 |
| Vacas de muxidura | 234.218 | 238.156 | 6.491 | 65.506 | 544.371 |
| Vacas non de muxidura | 96.189 | 158.032 | 33.808 | 32.164 | 320.193 |
| Outros bovinos | 58.467 | 79.008 | 25.003 | 18.436 | 180.914 |

Fonte: Elaboración propia *IGE a partir da Campaña de Saneamento Gandeiro 2003 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural*

**3.2.24.**

*Explotación do Rexistro de Gando Bovino 2003 con alomenos unha vaca: distribución segundo tipoloxía e estrato*

| Tipoloxía | Número bovinos | Explotacións | Total bovinos | Vacas de muxidura | Vacas non de muxidura | Outros bovinos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Muxidura | 1-2 | 3.442 | 5.234 | 3.804 | 701 | 729 |
| | 3-4 | 1.745 | 5.927 | 3.582 | 1.045 | 1.300 |
| | 5-9 | 2.580 | 17.766 | 12.603 | 3.196 | 1.967 |
| | 10-19 | 4.417 | 63.357 | 49.152 | 8.455 | 5.750 |
| | 20-29 | 3.539 | 85.897 | 70.365 | 8.253 | 7.279 |
| | 30-49 | 4.357 | 166.512 | 142.939 | 10.338 | 13.235 |
| | 50-99 | 2.937 | 194.062 | 172.012 | 7.490 | 14.560 |
| | 100-199 | 489 | 62.836 | 56.825 | 1.425 | 4.586 |
| | 200-299 | 60 | 14.115 | 12.696 | 363 | 1.056 |
| | 300-499 | *** | *** | *** | *** | *** |
| | >= 500 | *** | *** | *** | *** | *** |
| | TOTAL | 23.588 | 624.255 | 531.333 | 41.558 | 51.364 |
| Non Muxidura | 1-2 | 10.985 | 15.755 | - | 13.666 | 2.089 |
| | 3-4 | 5.854 | 20.271 | 727 | 15.533 | 4.011 |
| | 5-9 | 7.208 | 48.335 | 1.833 | 35.428 | 11.074 |
| | 10-19 | 6.281 | 86.462 | 3.615 | 62.165 | 20.682 |
| | 20-29 | 2.450 | 58.786 | 2.203 | 41.923 | 14.660 |
| | 30-49 | 1.950 | 72.616 | 2.429 | 52.109 | 18.078 |
| | 50-99 | 761 | 48.949 | 1.326 | 34.712 | 12.911 |
| | 100-199 | 119 | 15.468 | 249 | 11.018 | 4.201 |
| | 200-299 | 23 | 5.562 | 41 | 3.293 | 2.228 |
| | 300-499 | 9 | 3.331 | 6 | 2.290 | 1.035 |
| | >= 500 | 4 | 3.533 | 41 | 2.254 | 1.238 |
| | TOTAL | 35.644 | 379.068 | 12.470 | 274.391 | 92.207 |
| Cebo | 1-2 | - | - | - | - | - |
| | 3-4 | 225 | 706 | 10 | 215 | 481 |
| | 5-9 | 84 | 520 | 44 | 112 | 364 |
| | 10-19 | 77 | 1.045 | 56 | 201 | 788 |
| | 20-29 | 34 | 838 | 17 | 132 | 689 |
| | 30-49 | 49 | 1.908 | 61 | 257 | 1.590 |
| | 50-99 | 107 | 7.982 | 130 | 839 | 7.013 |
| | 100-199 | 93 | 12.352 | 186 | 1.392 | 10.774 |
| | 200-299 | 11 | 2.715 | 30 | 332 | 2.353 |
| | 300-499 | *** | *** | *** | *** | *** |
| | >= 500 | *** | *** | *** | *** | *** |
| | *TOTAL* | 687 | 31.826 | 568 | 4.244 | 27.014 |
| **Total** | | 61.703 | 937.588 | 508.186 | 246.328 | 183.074 |

****** Dato non publicado para mante-lo segredo estatístico***

*Fonte: Elaboración propia IGE a partir da Campaña de Saneamento Gandeiro 2001-2002 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural*

No concernente á distribución de explotacións con alomenos unha vaca segundo tipoloxía e estrato, o **cadro 3.2.24.** reflicte que o 23,4% das explotacións (14.427 explotacións) teñen un ou dous animais, e acollen o 2,0% das reses (20.989 reses). No caso do gando de muxidura, estas porcentaxes son do 14,6% (3.442 explotacións) e 0,8% (5.234 reses), fronte ó 30,8% (10.985 explotacións) e 4,2% (15.755 reses) no caso do gando de non muxidura.

Respecto á **produción de leite**, o *Anuario de Estatística Agraria 2002* reflicte que a produción de leite en Galicia foi similar á acadada no ano anterior, con 2.314.051 miles de litros (368 litros

3.2.25.

**Producción de leite 2002**

| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de litros)* | | | | |
| **Leite consumido ou tranformado na explotación** | 292.796 | 132.205 | 122.604 | 9.664 | 28.323 |
| **Alimentación animal** | 98.929 | 40.273 | 47.025 | 1.208 | 10.423 |
| **Consumo familiar** | 71.631 | 27.682 | 25.312 | 6.102 | 12.535 |
| **Manteiga** | 18.404 | 8.527 | 6.999 | 450 | 2.428 |
| **Queixo** | 103.832 | 55.723 | 43.268 | 1.904 | 2.937 |
| **Leite comercializado** | 2.021.255 | 882.656 | 878.230 | 20.593 | 239.776 |
| **Venda directa** | 6.898 | 2.203 | 1.925 | 1.320 | 1.450 |
| **Venda industrial** | 2.014.357 | 880.453 | 876.305 | 19.273 | 238.326 |
| **Producción total** | 2.314.051 | 1.014.861 | 1.000.834 | 30.257 | 268.099 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2002*

menos), dos que 2.021.255 miles de litros corresponden á producción de leite comercializado (o 87,3%), e 292.796 miles de litros ó leite consumido ou transformado na explotación (**cadro 3.2.25.**).

A cota leiteira asignada a Galicia na campaña 2002/03, tal e como reflicte o **cadro C.3.12.** (*Cota leiteira asignada ás CC.AA. e número de explotacións. Campañas 2000/01 e 2002/03*), foi de 1.868,1 miles de toneladas, o que representa case un tercio da cota leiteira total de España, estando en Galicia aproximadamente o 53% dos gandeiros con dereito a cota o inicio da campaña 2002/03. O volume total de cota por gandeiro ascendeu nesa campaña a 71.535,1 quilogramos, fronte ós 122.081,5 quilogramos no conxunto do Estado.

Atendendo á evolución deste subsector nos períodos 2000/01 e 2002/03, o devandito cadro amosa un descenso do número de explotacións con dereito a cota (18,6% menos en termos porcentuais, o que equivale a case 6.000 explotacións menos), así como unha medra do volume total de cota (12,0%) e da cota por gandeiro (un 37,7% máis para acada-los 71.535 quilogramos por explotación na campaña 2002/03). Comparado co total estatal, en termos relativos Galicia experimenta unha medra do volume de cota superior ó conxunto do Estado (10,4%), sendo o descenso do número de explotacións similar á media estatal (18,7%).

Atendendo á distribución segundo estratos de cota, **cadro 3.2.26.**, no período 2002/03 os gandeiros de vacún de leite con menos de 25.000 kg eran 9.227, o 35,3% do total galego, representando o 5,5% (101.994 toneladas) da cota total galega. No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden a 26,1% (12.770 gandeiros) e 2,5% (151.512 toneladas).

O estrato de cota que presenta o maior volume de producción corresponde ó que vai dende 75.001 kg a 200.000 kg, con 873.180 quilogramos, o que representa o 46,7% da cota galega nese período. O número de gandeiros ascende a 7.105, o que significa o 27,2% do total galego.

Cómpre salientar que no caso das explotacións con máis de 300.000 quilogramos, Galicia ocupa a terceira posición en canto o número absoluto das mesmas, cando representa o 1,9% dos gandeiros galegos. No conxunto do Estado o seu peso relativo ascende ó 8,0%, producindo o 41,4% da cota española (en Galicia estas explotacións producen o 12,7% da cota galega).

Dos datos do devandito **cadro 3.2.26.** dedúcese un descenso progresivo da importancia relativa das explotacións e

3.2.26.

### Cotas lácteas nas CC.AA no período 2002-03: distribución segundo estratos

| | < 25.000kg | | 25.001kg - 50.000kg | | 50.001kg - 75.000kg | | 75.001kg - 200.000kg | | 200.001kg - 300.000kg | | >300.001kg | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) |
| **Andalucía** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 150 | 9,7 | 107 | 6,9 | 69 | 4,5 | 472 | 30,5 | 300 | 19,4 | 448 | 29,0 | 1.546 | 100 |
| **Cota (t)** | 1.710 | 0,4 | 4.028 | 0,9 | 4.273 | 0,9 | 67.714 | 14,8 | 72.241 | 15,8 | 307.625 | 67,2 | 457.591 | 100 |
| **Aragón** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 9 | 4,2 | 15 | 7,0 | 15 | 7,0 | 52 | 24,3 | 41 | 19,2 | 82 | 38,3 | 214 | 100 |
| **Cota (t)** | 84 | 0,1 | 571 | 0,6 | 933 | 1,0 | 6.625 | 7,3 | 10.150 | 11,2 | 72.618 | 79,8 | 90.981 | 100 |
| **Asturias** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 1.347 | 21,1 | 1.193 | 18,6 | 842 | 13,2 | 2.111 | 33,0 | 586 | 9,2 | 318 | 5,0 | 6.397 | 100 |
| **Cota (t)** | 18.524 | 2,8 | 44.085 | 6,7 | 51.989 | 7,9 | 263.171 | 40,1 | 140.669 | 21,4 | 137.563 | 21,0 | 656.001 | 100 |
| **Baleares** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 2 | 0,5 | 21 | 5,6 | 21 | 5,6 | 125 | 33,2 | 92 | 24,4 | 116 | 30,8 | 377 | 100 |
| **Cota (t)** | 35 | 0,0 | 821 | 0,8 | 1.258 | 1,2 | 17.482 | 16,9 | 22.905 | 22,1 | 61.014 | 58,9 | 103.515 | 100 |
| **Cantabria** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 539 | 13,5 | 596 | 14,9 | 544 | 13,6 | 1.591 | 39,9 | 385 | 9,7 | 333 | 8,4 | 3.988 | 100 |
| **Cota (t)** | 7.828 | 1,5 | 21.875 | 4,2 | 33.574 | 6,4 | 199.506 | 38,2 | 92.349 | 17,7 | 167.670 | 32,1 | 522.802 | 100 |
| **Castela A Mancha** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 83 | 12,9 | 80 | 12,5 | 66 | 10,3 | 155 | 24,2 | 69 | 10,8 | 188 | 29,3 | 641 | 100 |
| **Cota (t)** | 996 | 0,5 | 3.045 | 1,6 | 4.041 | 2,1 | 19.997 | 10,3 | 16.706 | 8,6 | 148.496 | 76,8 | 193.281 | 100 |
| **Castela e León** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 900 | 16,5 | 968 | 17,7 | 743 | 13,6 | 1.715 | 31,4 | 474 | 8,7 | 657 | 12,0 | 5.457 | 100 |
| **Cota (t)** | 13.159 | 1,6 | 36.289 | 4,4 | 45.907 | 5,5 | 210.702 | 25,3 | 115.006 | 13,8 | 410.951 | 49,4 | 832.014 | 100 |
| **Cataluña** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 75 | 4,6 | 102 | 6,2 | 110 | 6,7 | 430 | 26,3 | 250 | 15,3 | 666 | 40,8 | 1.633 | 100 |
| **Cota (t)** | 998 | 0,2 | 3.842 | 0,6 | 6.757 | 1,1 | 56.939 | 9,3 | 62.629 | 10,3 | 478.190 | 78,5 | 609.355 | 100 |
| **Estremadura** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 71 | 20,2 | 55 | 15,7 | 47 | 13,4 | 125 | 35,6 | 31 | 8,8 | 22 | 6,3 | 351 | 100 |
| **Cota (t)** | 908 | 2,2 | 1.986 | 4,8 | 2.835 | 6,9 | 15.483 | 37,6 | 7.760 | 18,8 | 12.217 | 29,7 | 41.189 | 100 |
| **Galicia** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 9.227 | 35,3 | 4.831 | 18,5 | 3.285 | 12,6 | 7.105 | 27,2 | 1.169 | 4,5 | 498 | 1,9 | 26.115 | 100 |
| **Cota (t)** | 101.994 | 5,5 | 176.218 | 9,4 | 202.495 | 10,8 | 873.180 | 46,7 | 277.115 | 14,8 | 237.138 | 12,7 | 1.868.140 | 100 |
| **Madrid** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 9 | 4,6 | 13 | 6,7 | 13 | 6,7 | 41 | 21,0 | 27 | 13,8 | 92 | 47,2 | 195 | 100 |
| **Cota (t)** | 96 | 0,1 | 479 | 0,5 | 812 | 0,9 | 5.180 | 5,7 | 6.784 | 7,5 | 76.938 | 85,2 | 90.289 | 100 |
| **Rexión de Murcia** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 6 | 11,3 | 5 | 9,4 | 2 | 3,8 | 11 | 20,8 | 5 | 9,4 | 24 | 45,3 | 53 | 100 |
| **Cota (t)** | 64 | 0,2 | 176 | 0,6 | 115 | 0,4 | 1.395 | 4,5 | 1.328 | 4,3 | 28.003 | 90,1 | 31.081 | 100 |
| **Navarra** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 53 | 10,6 | 57 | 11,4 | 38 | 7,6 | 130 | 25,9 | 57 | 11,4 | 166 | 33,1 | 501 | 100 |
| **Cota (t)** | 857 | 0,5 | 2.176 | 1,3 | 2.354 | 1,4 | 16.953 | 9,8 | 13.937 | 8,0 | 137.003 | 79,1 | 173.280 | 100 |
| **País Vasco** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 287 | 20,0 | 210 | 14,7 | 159 | 11,1 | 399 | 27,9 | 129 | 9,0 | 248 | 17,3 | 1.432 | 100 |
| **Cota (t)** | 4.144 | 1,7 | 7.457 | 3,0 | 9.842 | 3,9 | 50.923 | 20,3 | 31.581 | 12,6 | 146.293 | 58,5 | 250.240 | 100 |
| **A Rioxa** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 8 | 17,4 | 2 | 4,3 | 0 | 0,0 | 12 | 26,1 | 4 | 8,7 | 20 | 43,5 | 46 | 100 |
| **Cota (t)** | 69 | 0,4 | 54 | 0,3 | 0 | 0,0 | 1.631 | 8,9 | 1.069 | 5,8 | 15.591 | 84,7 | 18.414 | 100 |
| **C. Valenciana** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 4 | 6,3 | 5 | 7,9 | 5 | 7,9 | 15 | 23,8 | 8 | 12,7 | 26 | 41,3 | 63 | 100 |
| **Cota (t)** | 46 | 0,1 | 215 | 0,5 | 299 | 0,7 | 1.920 | 4,3 | 1.903 | 4,2 | 40.537 | 90,2 | 44.920 | 100 |
| **Total** | | | | | | | | | | | | | | |
| **Nº gandeiros** | 12.770 | 26,1 | 8.260 | 16,9 | 5.959 | 12,2 | 14.489 | 29,6 | 3.627 | 7,4 | 3.904 | 8,0 | 49.009 | 100 |
| **Cota (t)** | 151.512 | 2,5 | 303.317 | 5,1 | 367.484 | 6,1 | 1.808.801 | 30,2 | 874.132 | 14,6 | 2.477.847 | 41,4 | 5.983.093 | 100 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*

3.2.27.

**Transferencias de cota 1998/99 - 2001/02**

| | Con explotación | | Sen explotación | | Entre CC.AA. | | Totais | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número | Volume (en toneladas) | Número | Volume (en toneladas) | Número | Volume (en toneladas) | Número | Volume (en toneladas) |
| **1998/99** | 1.307 | 60.245,8 | 2.305 | 31.566,2 | 15 | 242,2 | 3.627 | 92.054,3 |
| **1999/00** | 1.376 | 74.566,5 | 2.319 | 42.130,9 | 3 | 155,2 | 3.698 | 116.852,6 |
| **2000/01** | 1.015 | 69.799,8 | 3.580 | 60.118,8 | 7 | 224,7 | 4.602 | 130.143,4 |
| **2001/02** | 910 | 70.982,4 | 1.583 | 28.813,9 | | | 2.493 | 99.796,4 |
| **Total** | 4.608 | 275.594,6 | 9.787 | 162.629,9 | 25 | 622,2 | 14.420 | 438.846,6 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias*

3.2.28.

**Cesións temporais de cota de leite 1998/99 - 2001/02**

| | Número | Volume (en toneladas) |
|---|---|---|
| **Campaña 1998/99** | 376 | 5.878,8 |
| **Campaña 1999/00** | 428 | 6.572,1 |
| **Campaña 2000/01** | 335 | 7.039,6 |
| **Campaña 2001/02** | 227 | 5.476,9 |
| **Totais** | 1.366 | 24.967,3 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias*

3.2.29.

**Abandonos de cota de leite 1998/99 - 2002/03**

| | Beneficiarios | Aprobadas cota (en toneladas) | Subvención (en miles de €) |
|---|---|---|---|
| **Campaña 1998/99** | 1.644 | 29.686,9 | 9.473,5 |
| **Campaña 1999/00** | 728 | 12.166,3 | 3.965,6 |
| **Campaña 2000/01** | 463 | 12.014,5 | 4.414,8 |
| **Campaña 2001/02** | 424 | 11.646,5 | 3.588,5 |
| **Campaña 2002/03** | 137 | 4.274,0 | 1.109,1 |
| **Totais** | 3.396 | 69.788,2 | 22.551,5 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias*

cota galegas no total estatal a medida se incrementa o estrato de cota. No caso do estrato de menos de 25.000 kg, o número de gandeiros de vacún de leite representa o 72,3% do total estatal, e o volume de cota o 67,3%, fronte ó 12,8% e 9,6%, respectivamente, no caso do estrato de cota de máis de 300.001 quilogramos.

Un último aspecto a considerar á hora de analiza-la cota láctea é o correspondente ós movementos de cota en Galicia: transferencias, cesións temporais e abandonos de cota. O **cadro 3.2.27.** reflicte a evolución das transferencias de cota no período comprendido entre as campañas 1998/99 e 2001/02. Nesas catro campañas o número de transferencias ascendeu a 14.420, das que 9.787 corresponden a transferencias sen explotación e 4.608 a transferencias con explotación, e o volume total das mesmas foi de 438.846,6 toneladas (275.594,6 toneladas corresponden a transferencias con explotación e 162.629,9 a transferencias sen explotación). As transferencias entre comunidades autónomas foron 25 e a cantidade transferida ascendeu a 622,2 toneladas.

En relación ás cesións temporais de cota de leite, o **cadro 3.2.28.** reflicte que nas catro campañas mencionadas o núme-

**3.2.30.**

***Prezos medios do leite en Galicia 2002-03: distribución segundo estratos***

**2003**

| Estrato (1) | litros/mes | Prezo Total | Prezo Base | Total Primas | Materia Grasa | Materia Proteica | Bacterioloxía | Outras primas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(en <_>/100 l, sen IVE)* | | | |
| LQ | | 20,06 | | | | | | |
| F1 | < 2.000 | 23,33 | 22,27 | 1,06 | 0,19 | 0,01 | -0,62 | 1,48 |
| F2 | 2.000 a 3.500 | 25,69 | 23,13 | 2,57 | 0,14 | -0,18 | -0,56 | 3,17 |
| F3 | 3.500 a 6.000 | 27,06 | 24,59 | 2,47 | 0,33 | -0,04 | -0,12 | 2,30 |
| F4 | 6.000 a 10.000 | 29,22 | 24,63 | 4,59 | 0,53 | 0,08 | 0,24 | 3,74 |
| F5 | >=10.000 | 30,54 | 24,95 | 5,58 | 0,41 | 0,23 | 0,17 | 4,77 |
| **Total F1-F5** | | 29,14 | 24,59 | 4,55 | 0,39 | 0,12 | 0,06 | 3,98 |
| **Prezo total** | | 29,07 | | | | | | |

**2002**

| Estrato (1) | litros/mes | Prezo Total | Prezo Base | Total Primas | Materia Grasa | Materia Proteica | Bacterioloxía | Outras primas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | *(en <_>/100 l, sen IVE)* | | | |
| LQ | | 20,32 | | | | | | |
| F1 | < 2.000 | 23,57 | 22,40 | 1,17 | 0,22 | -0,04 | -0,63 | 1,62 |
| F2 | 2.000 a 3.500 | 25,92 | 23,11 | 2,81 | 0,20 | -0,08 | -0,48 | 3,16 |
| F3 | 3.500 a 6.000 | 27,35 | 24,84 | 2,51 | 0,38 | 0,01 | -0,12 | 2,24 |
| F4 | 6.000 a 10.000 | 29,50 | 24,71 | 4,80 | 0,56 | 0,12 | 0,19 | 3,93 |
| F5 | >=10.000 | 31,04 | 25,26 | 5,78 | 0,53 | 0,29 | 0,29 | 4,68 |
| **Total F1-F5** | | 29,54 | 24,81 | 4,73 | 0,48 | 0,18 | 0,12 | 3,96 |
| **Prezo total** | | 29,47 | | | | | | |

**(1) [LQ] Leite quente; [L1-L5] Leite frío. Cómpre salientar que as medias de "Prezo Total" son ponderadas**
Fonte: *IGE*

ro de cesións temporais ascendeu a 1.366, e o volume de cota a 24.967,3 toneladas.

O **cadro 3.2.29.** amosa a evolución do abandono de cota de leite. O volume total da subvención nas últimas cinco campañas ascendeu a 22.551,5 miles de euros, e o número de beneficiarios a 3.396. A cantidade total de cota de leite aprobada acadou as 69.788,2 toneladas.

Ó longo do ano 2002 continúa o descenso do prezo total medio do leite, que pasa dos 29,47 euros por cada cen litros de 2002 ós 29,07 euros de 2003. Esta caída rexístrase tamén no caso do leite frío como do leite quente, que rexistra un descenso de 0,40 euros e 0,26 euros (**cadro 3.2.30.**).

No que atinxe á **producción de carne** segundo especies en 2002, o **cadro 3.2.31.** reflicte o incremento do número de cabezas sacrificadas e da producción de carne, que acada en 2002 un total de 77.606.096 cabezas (un 5,0% máis que en 2001) e 354.982 toneladas de carne (6,9% máis). Agás no caso do gando ovino e do equino, esta medra prodúcese de forma xeneralizada, sendo a medra máis importante a experimentada no caso do gando bovino, con incrementos superiores ó 14% tanto no caso de reses sacrificadas como de producción de carne.

Atendendo á súa desagregación provincial, o incremento do sacrificio prodúcese en tódalas provincias galegas menos en Lugo (11,4% menos), sendo as medras máis importante as experimentadas en Pontevedra e Ourense, co 11,2% e 10,2%, respectivamente.

En termos do número de toneladas producidas, no ano 2002 hai que salientala importancia das aves, con 152.476 toneladas (un 4,7% máis que en 2001) e do gando porcino, cunha producción e 105.258 toneladas (4,1% máis). A producción de carne do gando bovino ascendeu ata as 90.581 toneladas, un 14,6% superior á producción de 2001.

Do mesmo xeito que no caso da agricultura, cómpre facer referencia ás principais produccións dos productos con dis-

**3.2.31.** *Número de reses sacrificadas e producción de carne 2001-02*

**Número de reses**

| | 2001 | 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Total** | 73.918.772 | 77.606.096 | 5.487.323 | 10.710.718 | 33.261.138 | 28.146.917 |
| **Bovino** | 388.123 | 443.341 | 142.348 | 66.944 | 102.588 | 131.461 |
| **Ovino** | 80.553 | 66.483 | 8.280 | 7.394 | 40.289 | 10.520 |
| **Cabrún** | 22.578 | 23.155 | 517 | 917 | 21.450 | 271 |
| **Porcino** | 1.273.435 | 1.298.393 | 361.133 | 29.219 | 13.810 | 894.231 |
| **Equino** | 2.090 | 1.468 | 217 | 1.244 | 1 | 6 |
| **Aves** | 67.623.741 | 71.085.000 | 3.802.000 | 10.605.000 | 33.083.000 | 23.595.000 |
| **Coellos** | 4.528.252 | 4.688.256 | 1.172.828 | - | - | 3.515.428 |

**Producción de carne**

*(en Tm)*

| | 2001 | 2002 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| **Total** | 332.029 | 354.982 | 67.629 | 38.139 | 95.910 | 153.304 |
| **Bovino** | 79.060 | 90.581 | 31.328 | 14.162 | 20.646 | 24.445 |
| **Ovino** | 640 | 549 | 72 | 63 | 330 | 84 |
| **Cabrún** | 139 | 151 | 9 | 6 | 134 | 2 |
| **Porcino** | 101.096 | 105.258 | 28.183 | 2.555 | 1.122 | 73.398 |
| **Equino** | 243 | 167 | 24 | 142 | - | 1 |
| **Aves** | 145.586 | 152.476 | 6.600 | 21.211 | 73.678 | 50.987 |
| **Coellos** | 5.265 | 5.800 | 1.413 | - | - | 4.387 |

Fonte: *Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2002*

tintivo de calidade. Tal e como reflicte o **cadro 3.2.21.** no subsector gandeiro hai catro productos con distintivo de calidade: Tenreira, lacón, queixo e mel.

• ***Subsector mar-industria***

A análise destas actividades económicas parte da consideración dos presupostos consolidados da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, para analizar posteriormente a actividade pesqueira e marisqueira en Galicia a partir dos datos recollidos nas *Macromagnitudes da pesca. Ano 2001-2002*, do IGE, e dos procedentes das descargas e transaccións con productos frescos da pesca, o emprego e os datos das variables empresariais recollidos polo Ardán.

Segundo a contía dos programas dedicados á pesca que están recollidos nos Presupostos Xerais da Xunta, **cadro 3.2.32.**, os dous programas máis importantes son os referidos á “transformación, conservación e comercialización dos productos mariños”, con 40.490,8 miles de euros (un 19,6% máis que en 2002), e á “reestructuración e renovación da flota pesqueira”, con 34.868,6 miles de euros (un 0,2% menos que no ano anterior). Estas dúas medidas acollen o 46,1% do presuposto da Consellería de Pesca no ano 2003, 1,6 puntos porcentuais máis que en 2002.

O primeiro deles ten entre os seus obxectivos, potencia-la competitividade das empresas do sector mediante a concesión de subvencións de capital que auxilien o financiamento de investimentos encamiñados á racionalización dos procesos productivos, á utilización de especies novas ou infrautilizadas, etc., así como ó establecemento de novos centros de traballo en zonas socioeconomicamente en declive que permitan a creación de emprego. Asemade, céntrase tamén no achegamento de novas tecnoloxías e na formación dos traballadores para a súa adaptación ós cambios producidos.

O programa “reestructuración e renovación da flota pesqueira” comprende as

3.2.32.

***Presupostos consolidados da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos 2002-03: distribución dos créditos por programas***

| | 2002 | 2003 | 03/02 |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de €)* | | *(%)* |
| **Ensinanzas pesqueiras** | 3.878,7 | 4.185,5 | 7,9 |
| **Formación Profesional F.S.E.** | 4.067,1 | 4.124,4 | 1,4 |
| **Protección e mellora do medio ambiente** | 1.665,9 | 2.043,3 | 22,7 |
| **Protección e mellora do medio natural marítimo** | 2.338,2 | 2.718,3 | 16,3 |
| **Dirección e Servicios Xerais de Pesca** | 12.483,4 | 14.228,9 | 14,0 |
| **Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira** | 8.812,5 | 8.703,2 | -1,2 |
| **Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira. FSE** | 1.490,8 | 1.477,0 | -0,9 |
| **Ordenación, reestructuración, fomento e mellora da producción pesqueira de cultivos mariños** | 21.733,0 | 19.073,4 | -12,2 |
| **Regulación das produccións e dos mercados pesqueiros** | 535,9 | 541,9 | 1,1 |
| **Plan galego de investigación e desenv. tecnolóxico** | 3.589,8 | 3.549,9 | -1,1 |
| **Elab. e difusión estatística** | - | 24,0 | |
| **Medio mariño** | 1.181,9 | 1.421,6 | 20,3 |
| **Desenvolvemento sostible da explotación dos recursos mariños** | 17.257,7 | 16.975,6 | -1,6 |
| **Transformación, conserv. e comerc. dos productos mariños** | 33.847,9 | 40.490,8 | 19,6 |
| **Promoción de productos pesqueiros e fomento da calidade** | 1.337,0 | 3.752,8 | 180,7 |
| **Equipamentos pesqueiros** | 4.953,2 | 4.949,9 | -0,1 |
| **Restructuración e renovación da flota pesqueira** | 34.921,8 | 34.868,6 | -0,2 |
| **Servicios ás actividades marítimas** | 480,0 | 480,0 | 0,0 |
| **Total** | 154.574,8 | 163.609,1 | 5,8 |

Fonte: Xunta, *Presupostos xerais da C.A.*

accións relacionadas co financiamento de investimentos privados á reestructuración, renovación e modernización da flota de cara á consecución dunha flota artesanal e de altura moderna e segura adaptada ós recursos dispoñibles e ás necesidades futuras derivadas da xestión racional dos recursos pesqueiros (a chamada “pesca responsable”).

Asemade, cómpre salienta-la medra da partida correspondente á promoción de productos pesqueiros e fomento da calidade, que cun incremento do 180,7% respecto á contía do ano anterior, acada os 3.752,8 miles de euros en 2003.

As macromagnitudes da pesca correspondentes ós anos 2001 e 2002 amosan unha caída da cifra de negocio do sector pesqueiro, que acada os 922,3 millóns de euros (un 3,6% inferior á acadada en 2001). O **cadro 3.2.33.** reflicte que este descenso se produce pola caída dos ingresos das actividades da pesca de altura e do marisqueo a pé (8,6% e 10,1%, respectivamente), xa que estes medran no caso da acuicultura mariña (5,5%), marisqueo a flote (11,2%) e pesca costeira (6,2%).

A actividade pesqueira máis importante en canto á cifra de negocio se refire é a pesca de altura, con 422,2 millóns de euros (o 45,8% da cifra de negocio total do sector), seguida pola acuicultura mariña e a pesca costeira, con 227,5 (24,7%) e 202,4 millóns de euros (21,9%), respectivamente.

O devandito cadro indica o descenso do emprego no sector pesqueiro, que acada os 29.218 traballadores, 433 persoas menos que no ano 2001. O subsector da pesca costeira emprega a 9.249 traballadores (o 31,7% do emprego total), fronte ós 5.693 ocupados nas actividades do marisqueiro a pé (o 19,5%) ou os 5.177 traballadores na rama de actividade de pesca de altura (o 17,7%).

Os **cadros 3.2.34.** e **3.2.35.** reflicten a orixe das compras e o destino das vendas dos productos pesqueiros. Canto ás compras, no 58,9% das mesmas é a comunidade autónoma, fronte ó 27,9% do resto do mundo e o 13,3% do resto de España. En Galicia o 40,0% das compras do conxunto do sector corresponde a comerciantes por xunto, fronte ó 13,1% dos comerciantes

3.2.33.

**Macromagnitudes do sector pesqueiro en Galicia 2001-02. Datos económicos**

## 2001

| | Pesca Extractiva | | | Marisqueo a pé | Acuicultura mariña | Total sector |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Marisqueo a flote | Pesca costeira | Pesca de altura | | | |
| | *(en miles de €)* | | | | | |
| **Cifra de negocio** | 37.068,3 | 215.731,7 | 461.804,8 | 26.351,8 | 215.730,5 | 956.687,1 |
| Ingresos derivados da actividade | 37.068,3 | 215.065,6 | 458.784,7 | 26.351,8 | 215.193,1 | 952.463,5 |
| Prestación de servizos | - | 666,1 | 3.020,1 | - | 537,3 | 4.223,5 |
| **Total de compras de explotación** | 6.336,8 | 50.422,2 | 128.172,4 | 551,1 | 35.288,3 | 220.770,7 |
| Compras de mat. primas e outros aprov. | 6.336,8 | 49.391,2 | 118.593,5 | 551,1 | 33.340,9 | 208.213,4 |
| Traballos realizados por outras empresas | - | 1.030,9 | 9.578,9 | - | 1.947,4 | 12.557,3 |
| **Total de gastos de persoal** | 3.194,5 | 92.546,8 | 158.194,7 | - | 37.835,4 | 291.771,4 |
| Soldos e salarios | 2.470,0 | 73.271,5 | 123.531,5 | - | 29.730,2 | 229.003,1 |
| Outros gastos de persoal | 724,5 | 19.275,3 | 34.663,2 | - | 8.105,2 | 62.768,3 |
| **Total de servizos exteriores** | 2.813,7 | 34.192,5 | 112.624,7 | 126,5 | 39.985,8 | 189.743,0 |
| | *(en nº de persoas)* | | | | | |
| **Emprego** | 4.816 | 9.357 | 5.427 | 5.745 | 4.306 | 29.651 |
| Asalariado | 938 | 6.844 | 5.323 | - | 1.695 | 14.800 |
| Non asalariado | 3.878 | 2.513 | 104 | 5.745 | 2.611 | 14.851 |

## 2002

| | Pesca Extractiva | | | Marisqueo a pé | Acuicultura mariña | Total sector |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Marisqueo a flote | Pesca costeira | Pesca de altura | | | |
| | *(en miles de €)* | | | | | |
| **Cifra de negocio** | 41.201,9 | 202.392,8 | 422.189,3 | 29.021,4 | 227.508,9 | 922.314,3 |
